

ANÁLISE DO SECTOR DO DEPORTE

Actividade de interese estatístico (AIE14): *Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral* recollida no Programa estatístico anual 2024 da Comunidade Autónoma de Galicia

Santiago de Compostela, febreiro de 2025



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTATÍSTICA



Contido

0.	Presentación	3
1	Delimitación do sector do deporte.....	5
1.1.	O sector a través da Conta Satélite do Deporte de Galicia	6
1.2.	O sector do deporte noutras fontes de información	9
2	O sector a partir da Conta Satélite do Deporte de Galicia.....	11
2.1	Achega ao PIB e análise comparada con outros sectores.....	11
2.2	Estrutura comparada e indicadores derivados.....	15
3	Unha extensión da Conta Satélite a través do Marco Input-Output.....	19
3.1	Complexo produtivo do sector do deporte	20
3.2	Efectos directos e indirectos	21
3.3	Identificación de sectores clave	23
3.4	Método de extracción hipotética	26
3.5	Contextualización da extensión da Conta Satélite do Deporte	31
4	A división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento".....	33
4.1	As "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento" no contexto internacional.....	34
4.2	As "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento" no contexto estatal.....	38
4.3	Oferta e demanda dos servizos característicos do sector	40
5	Outra información socioeconómica do sector do deporte	42
5.1	Empresas vencelladas ao sector do deporte	42
5.2	Emprego: afiliacións vencelladas ao deporte	43
5.3	Contas das sociedades mercantís do sector do deporte.....	45
5.4	Comercio exterior de bens vencellados ao deporte	46
5.5	Gasto en consumo final dos fogares vencellados ao deporte.....	47
6	Conclusións	50
7	Anexos.....	52
8	Bibliografía e fontes estatísticas.....	58

0. Presentación

A *Análise do sector do deporte* é un documento elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) que dá cumprimento á Actividade de interese estatístico (AIE14) “Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral” recollida no Programa estatístico da comunidade autónoma de 2024.

Trátase da primeira edición dedicada ao sector do deporte dentro desta serie de análises iniciadas coa da cadea forestal-madeira no ano 2013. A Secretaría Xeral do Deporte (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) solicitou ao IGE a cuantificación da dimensión económica do sector. A partir deste interese, o IGE desenvolveu dúas actuacións na planificación estatística da Comunidade Autónoma de Galicia: a “Conta Satélite do Deporte” e a “Información socioeconómica sobre o sector do deporte”.

O actual documento programouse co dobre obxectivo de afondar no coñecemento da economía galega a través do estudo dun sector insuficientemente tratado pola estatística pública e de proporcionar unha mellor difusión das estatísticas de síntese económica elaboradas polo IGE, en particular da nova conta satélite do deporte.

O documento estrutúrase en cinco bloques que rematan cun pequeno capítulo de conclusións. No primeiro bloque realízase unha delimitación do sector, aspecto chave para entender o documento. No segundo bloque analízase o sector a través da “Conta Satélite do Deporte”, actividade estatística difundida en decembro de 2024 e que achega información do sector do deporte para o período 2021-2022. O terceiro capítulo estende a análise combinando a Conta Satélite co Marco Input-Output de Galicia co obxectivo de avaliar as relacións intersectoriais do sector co resto de sectores da economía e estimar os efectos directos e indirectos.

No cuarto bloque faise unha aproximación ao sector desde un punto de vista máis reducido, grazas ás estatísticas de síntese do IGE, e realízanse análises comparativas espaciais.

No quinto apartado faise un percorrido por outra información socioeconómica do sector do deporte a través de fontes de información transversal como os directorios de empresas, as estatísticas de afiliación, consumo, comercio exterior e as contas das sociedades mercantís no eido do deporte.

Toda a información incluída nesta publicación obtense da estatística pública, principalmente da producida na Comunidade Autónoma de Galicia, en particular da estatística económica de síntese elaborada e difundida polo Instituto Galego de Estatística.

1 Delimitación do sector do deporte

O deporte considérase neste documento un sector de actividade que forma parte da economía de Galicia. Non se consideran aquí outras dimensións como a social, cultural e relacional, todas elas inherentes á participación (activa ou pasiva) da poboación no deporte¹.

A delimitación dos sectores económicos realízase agrupando unidades que desenvolven un determinado tipo de actividade económica. Esta agrupación realízase consonte a estándares estatísticos que axudan a clasificar aos axentes económicos de acordo ás actividades que desenvolven. Na actualidade, a referencia para realizar estes agrupamentos é a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-09)², de obrigado uso no ámbito da estatística pública. É unha clasificación xerárquica, organizada en catro niveis: seccións (un código alfabético), divisións (dúas cifras), grupos (tres cifras) e clases (catro cifras).

A diferenza doutros sectores tradicionais, as actividades relacionadas co deporte non están agrupadas nun único ítem da CNAE-09, senón que forma parte de varias actividades coa dificultade engadida de que, para dar información sobre as mesmas, hai que descender a un nivel de detalle moi elevado, que incluso excede o máximo nivel de desagregación (catro cifras) da CNAE. Certo é que hai determinadas actividades que si teñen unha visualización clara na clasificación, como é o caso das "Actividades deportivas" (grupo 931 da CNAE-09), da "Fabricación de artigos de deporte" (grupo 323), do "Comercio polo miúdo de artigos deportivos en establecementos especializados" (clase 4764) ou da "Educación deportiva e recreativa" (clase 8551). En cambio, outras actividades estreitamente vencelladas ao deporte como a educación secundaria ou terciaria na materia, as apostas deportivas ou mesmo a fabricación de prendas de vestir ou calzado deportivo non teñen un claro reflexo na Clasificación.

¹ Estes e outros ámbitos recóllense no "Libro Branco sobre o Deporte" (Comisión de las Comunidades Europeas, 2007). A evolución da concepción social do deporte expónse con claridade en Bosh, J., Murillo C. e Raya, J.M (2019). Sánchez Fernández, P. (2019) relaciona sete puntos ao falar de dimensións do deporte relacionadas coa economía.

² Aínda que a partir de 2025 aplicárase a nova CNAE-2025, toda a información utilizada neste documento que faga referencia á CNAE refírese á CNAE-09, aprobada por RD:

https://www.ine.es/daco/daco42/clasificaciones/cnae09/cnae_2009_rd.pdf

A lexislación sobre a CNAE-2025 pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.boe.es/boe/dias/2025/01/15/pdfs/BOE-A-2025-587.pdf>

Este feito provoca que neste documento teñamos varias definicións do sector, dependendo sempre en última instancia da dispoñibilidade de fontes estatísticas para realizar cada nivel de análise.

1.1. O sector a través da Conta Satélite do Deporte de Galicia

Na lexislación comunitaria non existe unha definición sobre as actividades que se deben incluír no sector do deporte. Isto ocorre malia que xa no "Libro branco sobre o deporte" se sinala a necesidade de establecer unha *"definición estatística europea sobre o deporte e coordinar esforzos para, a partir de aí, xerar estatísticas sobre o deporte e relacionadas con el"*³.

A pesar de non estar lexislado, existe unha iniciativa comunitaria que aborda unha definición do sector baseada en estándares estatísticos: a definición de Vilnius⁴. Establecida en 2007, pretende definir o deporte estatisticamente e cun sentido económico, establecendo tres niveis:

- Definición estatística: incluíría só o grupo 931 da CNAE-09 que comprende as actividades deportivas.
- Definición reducida: incluíría ademais da anterior, os produtos e servizos que son precisos para levar a cabo estas actividades deportivas: calzado, roupa, equipamento deportivo, etc.
- Definición ampla: ademais das dúas anteriores incluíría produtos e servizos que empregan o deporte como input da súa actividade económica: por exemplo, a prensa deportiva, as apostas deportivas, etc.

Esta clasificación está definida cun detalle moi elevado (seis códigos da Clasificación de Produtos por Actividade -CPA-), máis detallado que a definición das ramas de actividade no Sistema de Contas Económicas de Galicia que se definen a tres díxitos da CNAE-09. Ademais, este grao de detalle non está recollido na meirande parte das fontes estatísticas de información, polo que a súa busca de exhaustividade confronta coa falta de información ou incluso a indeterminación: moitos dos ítem incluídos na

³ Comisión de las Comunidades Europeas (2007). "Libro blanco sobre el deporte". Ver en <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52007DC0391>

⁴ Véxase <https://ec.europa.eu/eurostat/web/sport/methodology> A versión actual é coñecida como Vilnius 2.0 e está actualmente en proceso de revisión.

definición de Vilnius conteñen á vez produtos relacionados co deporte e outros que non o están.

Para delimitar e solucionar este problema diferenciaremos os produtos e servizos característicos do deporte daqueles que non o son. En relación a proposta de Vilnius, todos os servizos incluídos na definición estatística son característicos, por definición. Na definición reducida e ampla atopámonos esta clase de bens e servizos, por exemplo se falamos de botas de fútbol (incluídas na definición reducida) ou de apostas deportivas (incluídas na definición ampla).

En cambio, moitos dos bens e servizos incluídos na clasificación de Vilnius (tanto na reducida como na ampla) podemos denominalos como non característicos: poden ser usados no contexto do deporte pero tamén fóra deste. Por exemplo, un servizo que ocasionalmente transporte a un deportista a un evento deportivo ou ben unha camiseta de algodón que se empregue para facer deporte. En ambos casos o uso non é exclusivamente deportivo.

En conclusión, aquelas unidades produtivas residentes que producen estes servizos ou produtos característicos do deporte deberían incluírse integramente na Conta Satélite do Deporte de Galicia. Implicitamente estamos afirmando que a perspectiva desde a que se afronta esta estatística é de oferta.

A definición do sector do deporte utilizado nesta actividade estatística constrúese a partir de códigos da CNAE-09 a catro díxitos. Este criterio fundaméntase na dispoñibilidade de fontes con esta desagregación ademais de ter unha cobertura razoable do conxunto de unidades locais cuxa actividade principal é a fabricación ou prestación de servizos característicos. Dentro das agrupacións de actividade seleccionadas debemos distinguir aquelas que están integramente formadas por unidades do sector do deporte e as que conteñen actividades que non están vencelladas ao sector⁵.

O sector do deporte na Conta Satélite está composto polas unidades que desenvolven algunha das seguintes 24 clases da CNAE.

⁵ Na metodoloxía da Conta Satélite do Deporte de Galicia expóñense os métodos utilizados para a súa elaboración:

https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_conta_satelite_deporte_re24_gl.pdf

Táboa 1 Clases da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente na conta satélite como actividades características.

Clase CNAE	Literal	Parcial / Total
1392	Fabricación de artigos confeccionados con téxtiles, agás roupa de vestir	Parcial: só inclúe a fabricación de velas para embarcacións
1413	Confección doutras pezas de roupa de vestir exteriores	Parcial: só inclúe a fabricación de roupa de deporte
1520	Fabricación de calzado	Parcial: só inclúe a fabricación de calzado deportivo
3012	Construción de embarcacións de lecer e deporte	Total
3092	Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade	Total
3230	Fabricación de artigos de deporte	Total
3315	Reparación e mantemento naval	Parcial: só inclúe a reparación de embarcacións de lecer
4711	Comercio a retallo en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco	Parcial: só inclúe a comercialización de roupa e material deportivo
4719	Outro comercio ao retallo en establecementos non especializados	Parcial: só inclúe a comercialización de roupa e material deportivo
4764	Comercio a retallo de artigos deportivos en establecementos especializados	Total
7721	Aluguer de artigos de lecer e deportivos	Total
8510	Educación preprimaria	Parcial: só inclúe a porcentaxe de horas dedicada a educación física
8520	Educación primaria	Parcial: só inclúe a porcentaxe de horas dedicada a educación física
8531	Educación secundaria xeral	Parcial: só inclúe a porcentaxe de horas dedicada a educación física
8532	Educación secundaria técnica e profesional	Parcial: inclúe a porcentaxe de horas dedicada a educación física e a educación secundaria específica
8541	Educación postsecundaria non terciaria	Parcial: inclúe educación específica
8543	Educación universitaria	Parcial: inclúe educación universitaria específica
8544	Educación terciaria non universitaria	Parcial: inclúe educación específica
8551	Educación deportiva e recreativa	Total
9200	Actividades de xogos de azar e apostas	Parcial: inclúe as apostas deportivas
9311	Xestión de instalacións deportivas	Total
9312	Actividades dos clubs deportivos	Total
9313	Actividades dos ximnasios	Total
9319	Outras actividades deportivas	Total

1.2. O sector do deporte noutras fontes de información

Se ben a Conta Satélite define de forma máis precisa o sector do deporte, non é unha estatística que estea dentro do conxunto de datos que os Estados membros deben remitir á Oficina Europea de Estatística (Eurostat). Isto implica que non é unha estatística dispoñible consonte a un estándar nin elaborada por todos os Estados membros, o que impide a comparabilidade coa Conta Satélite de Galicia⁶.

As estatísticas do sistema de contas son a referencia para coñecer a achega dos sectores económicos ao PIB. Os Estados membros da UE-27 deben transmitir á oficina estatística da Comisión Europea (Eurostat) información cun determinado nivel de detalle. Isto vainos permitir, exclusivamente, analizar a achega da división 93 “Actividades deportivas, recreativas e de entretemento” ao produto interior bruto dos diferentes países, cunha metodoloxía e uns estándares comparables. Porén, o resto de actividades vencelladas ao deporte non están visualizadas neste conxunto de datos do sistema de contas europeo.

No resto da estatística pública imos analizar a presenza das actividades deportivas cunha definición do sector menos exhaustiva que a presentada na Conta Satélite pero máis desagregada que a que achegan as estatísticas do sistema de contas. Algunha das estatísticas presentadas neste informe están recollidas na nova actividade estatística do IGE denominada “Información socioeconómica sobre o sector deporte” difundida por primeira vez en xaneiro de 2025. Esta actividade, de actualización continua na páxina web do IGE, recolle información sobre o sector do deporte dispoñible en fontes de información non exclusivas do deporte: afiliacións á seguridade social, gasto en consumo dos fogares, comercio exterior, información do rexistro mercantil ou mesmo datos de alumnado matriculado en ensinanzas deportivas.

En cada caso a definición do sector estará condicionada polo fenómeno económico que pretende medir e pola clasificación estatística utilizada.

⁶ Existen varias iniciativas que son vangarda no estudo do deporte como sector económico, que difunden resultados cunha sólida metodoloxía e con vocación de seren o xerme dunha metodoloxía estandarizada a nivel europeo. Tales son os casos de Alemaña, Austria ou Reino Unido, por poñer un exemplo. Moitas destas iniciativas realízanse baixo o impulso Comunitario iniciado no libro branco do deporte, pero aínda non existe un Regulamento de definición, elaboración e transmisión de datos das Contas Satélite do Deporte dos Estados Membros a Eurostat.

Táboa 2 Definición do deporte segundo cada fonte de información

Fonte de información	Clasificación utilizada	Ítems incluídos
Conta satélite do deporte	CNAE-09	Ver Táboa 1
Extensión da Conta Satélite	CNAE-09	Ver Táboa 1
Contas económicas de Galicia	CNAE-09	División 93
Emprego: afiliacións vencelladas ao deporte Contas das sociedades mercantís do sector do deporte	CNAE-09	3012 Construción de embarcacións de lecer e deporte 3092 Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade 323 Fabricación de artigos de deporte. 4764 Comercio a retallo de artigos deportivos en establecementos especializados. 7721 Aluguer de artigos de lecer e deportivos 8551 Educación deportiva e recreativa 931 Actividades deportivas.
Gasto en consumo final dos fogares vencellado ao deporte	ECOICOP/EPF	<i>Equipos relacionados co deporte e o lecer:</i> 07130 Bicicletas 09210 Grandes equipos para o lecer e a cultura ao aire libre 09222 Grandes equipos para o lecer e a cultura en lugares pechados 09230 Mantemento e reparación de outros bens duradeiros para o lecer e a cultura 09321 Equipo para deporte (tanto ao aire libre como en lugares cubertos) 09323 Reparación de equipo para deporte, acampado e lecer ao aire libre. <i>Servizos recreativos e deportivos:</i> 09411 Servizos recreativos e deportivos – asistencia 09412 Servizos recreativos e deportivos – participación.
Comercio exterior de bens vencellados ao deporte	TARIC / NC	<i>Artigos e equipamento deportivo:</i> - Artigos para a práctica da neve (95061, 640212, 640312), de deportes acuáticos (95062), do golf (95063), para tenis (95064 e 95065), para patinaxe (95067), para ximnasia ou atletismo (95069), para paracaidismo (8804). - Artigos para pesca (9507) e caza ou tiro (930320 e 930330) - Bicicletas (8712), balóns ou pelotas (95066) <i>Embarcacións de lecer ou deporte (8903).</i> <i>Roupa e calzado para lecer e deporte:</i> - Roupa (420321, 62111, 62112, 61122, 61123 e 61124). - Calzado (640219, 640319, 640411).

2 O sector a partir da Conta Satélite do Deporte de Galicia

A “Conta Satélite do Deporte” é unha actividade do Sistema de Contas Económicas de Galicia que ten como obxectivo principal proporcionar un sistema de medición económica do sector do deporte, que permita valorar a importancia deste sector no conxunto da economía galega.

Os conceptos que se manexan na conta satélite coinciden cos das operacións estatísticas que integran o Sistema de Contas Económicas de Galicia. Ambos elabóranse seguindo as recomendacións do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010)⁷. O universo obxecto de estudo son as actividades características do deporte, definidas na sección 1.1.

Elabóranse as contas de produción e de explotación do sector do deporte en Galicia, así como as variables de emprego utilizadas habitualmente nas estatísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia. Nesta metodoloxía predomina a visión de oferta, é dicir, estímase o valor engadido das unidades clasificadas no sector segundo a Táboa 1, o que permite cuantificar a achega do sector ao Produto Interior Bruto (PIB) e ao emprego de Galicia. Falaremos de achega directa, tal e como se valora un sector económico tradicional, se ben, no seguinte capítulo completárase esta valoración cuantificando os efectos indirectos.

2.1 Achega ao PIB e análise comparada con outros sectores

O sector do deporte achega en 2022 o 0,9% do PIB de Galicia. A produción ascendeu a 1.131 millóns de euros, e os bens e servizos utilizados para a dita produción situáronse nos 511 millóns de euros. Como resultado o valor engadido bruto xerado polo sector do deporte alcanzou os 620 millóns de euros.

Os 16.436 postos de traballo representan o 1,4% do emprego total en Galicia 2022. A remuneración de asalariados ascende a 515 millóns de euros, o 1,6% do total da economía.

⁷ Regulamento (UE) n°549/2013 do Parlamento Europeo relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.
<https://www.boe.es/doue/2013/174/L00001-00727.pdf>

Táboa 3 As magnitudes do deporte en Galicia e peso destas na economía galega. Ano 2022 (p)

Unidade: miles de euros (prezos correntes); porcentaxe (%); postos de traballo

Variable	Valor	% sobre total economía
P.1 Produción a prezos básicos	1.131.225	0,8
P.2 Consumos intermedios	511.045	0,6
B.1 Valor engadido bruto (VEB)	620.180	0,95
B.1g Produto Interior Bruto (PIB)	..	0,90
D.29 - D.39 Outros impostos sobre a produción netos de subvencións	-7.096	-2,1
D.1 Remuneración de asalaridados	514.813	1,6
B.2 Excedente bruto de explotación / Renda mixta	112.463	0,3
Postos de traballo	16.436	1,4
- Asalaridados	14.802	1,5
- Non asalaridados	1.634	0,9

Nota: o PIB é igual ao valor engadido bruto total máis os impostos netos sobre os produtos. Para o sector do deporte, como no resto de estatísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia, calcúlase o valor engadido bruto xerado por ditas actividades pero non os impostos netos sobre os produtos xa que estes non son atribuíbles a un único sector. A porcentaxe referida ao PIB nesta táboa é o cociente entre o VEB do deporte e o PIB de Galicia.

(p) Datos provisionais


Fonte: IGE. Conta Satélite do Deporte. Revisión estatística 2024; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024

O primeiro trazo que se desprende destes resultados é que o sector é intensivo en factor traballo, xa que a súa achega en termos de emprego ao total da economía (1,4%) supera ao seu peso en termos de produto interior bruto (0,9%).

A perspectiva temporal que se extrae da Conta Satélite é limitada. A publicación comeza no ano 2021 e, aínda que ten vocación de continuidade, na actualidade só están dispoñibles dous exercicios.

Gráfico 1 Evolución do sector do deporte segundo a Conta Satélite. Serie 2021-2022

Unidade: postos de traballo e porcentaxes




Fonte: IGE. Conta Satélite do Deporte. Revisión estatística 2024; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024

A achega ao PIB do sector mantense nos dous anos difundidos (2021 e 2022), aínda que se aprecia un incremento do emprego, tanto en termos absolutos como no seu peso no total da economía.

Convén poñer en contexto a achega do 0,9 % á economía galega. No seguinte gráfico representase o peso no PIB das diferentes actividades que forman a economía galega. Estas representacións gráficas son moi dependentes do nivel de desagregación utilizado e, por este motivo, eliximos un nivel de desagregación estándar que coincide coa "sección" da CNAE-09. O gráfico representa o peso no total da economía galega de 20 agrupacións de ramas de actividade (seccións da CNAE) ademais do sector obxecto de análise.

Gráfico 2. Peso no PIB de Galicia. Seccións da CNAE. Ano 2022 (p).

Unidade: porcentaxes



(p) Datos provisionais

Nota: O dato correspóndese ao difundido nas Contas económicas anuais sen detraer a parte que corresponde ao sector deporte nas seccións afectadas.

Fonte: IGE. Conta Satélite do Deporte. Revisión estatística 2024; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024

Como xa indicamos, o nivel de desagregación condiciona a imaxe que se pode dar da achega dun sector ou actividade á economía galega. Se utilizamos o máximo nivel de desagregación que permite a información difundida polo IGE⁸ vemos que o sector do

⁸ Na operación estatística "Contas económicas anuais" pódese consultar o valor engadido bruto xerado cun nivel de desagregación de 72 ramas de actividade e para a serie 2000-2022:


<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9610&paxina=001&c=0307007001>

deporte ten unha achega ao PIB superior a actividades como a industria cárnica (0,5% do PIB en 2022), industria da conserva e conxelado de peixe (0,7%), a industria láctea (0,3%) ou a industria da madeira (0,7%), todas elas incluídas dentro da “Industria manufacturera” no gráfico anterior.

No sector servizos, ramas de actividade como a edición (0,2%), as actividades relacionadas co audiovisual (0,3%), os servizos de seguros (0,7%), a publicidade (0,1%) ou a rama de actividade dos servizos de investigación e desenvolvemento (0,4%) presentan achegas directas ao PIB inferiores as do sector do deporte.

Gráfico 3 Peso no PIB dos sectores analizados na Actividade de interese estatístico: análise de sectores produtivos. Ano 2022 (p)

Unidade: porcentaxe



Nota: Os sectores analizados nestas publicacións son: Cadea forestal-madeira (2013; 2021); Sector da automoción (2014; 2022); Sector da pesca (2015, 2023); Sector cultural (2016, 2024); Sector do transporte e da loxística (2017); Sector téxtil, confección e calzado (2017)⁹; Sector da minaría e fabricación de minerais non metálicos (2019); Sector agroalimentario (2020).

(p) Datos provisionais

Fonte: IGE. Conta Satélite do Deporte. Revisión estatística 2024; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024

Outra forma de situar a relevancia do sector na economía galega é comparalo con outros sectores analizados polo IGE en pasadas publicacións (Gráfico 3). Aínda que na Actividade de interese estatístico (AIE14) “Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral” nos centramos nun sector cada ano, na publicación

⁹ No gráfico non se inclúe o “Sector téxtil, confección e calzado”. Os datos referidos á parte comercial deste sector non se estimaron tras o cambio de base contable recollida na “Revisión estatística 2019”. Os cambios introducidos no que respecta ao rexistro dos “Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding” afectan de xeito especial a esta estimación.

das “Contas económicas anuais” séguese a evolución dos ditos sectores na táboa “Sectores característicos da economía galega”¹⁰. Neste caso temos agregacións de ramas de actividade que definen sectores característicos. O sector do deporte supera ao sector da “Minaría e fabricación de produtos minerais non metálicos”.

2.2 Estrutura comparada e indicadores derivados

A análise da conta de produción e explotación permite descompoñer a produción en catro bloques:

- Consumos intermedios: bens e servizos utilizados no exercicio económico para desenvolver a actividade produtiva no sector.
- Remuneración de asalariados: rendas percibidas polos asalariados pola súa participación no proceso produtivo.
- Outros impostos netos sobre a produción: pagos ás administracións públicas por impostos nos que non inflúe a cantidade producida ou vendida; ao que se lle restan as subvencións sobre a produción.
- Excedente de explotación e renda mixta: fai referencia ao fluxo económico que lle queda aos propietarios do capital. É un concepto similar ao beneficio empresarial no que se rexistra tamén as rendas que perciben os traballadores autónomos pola súa participación no proceso produtivo.

A análise comparada (Gráfico 4) desta desagregación entre o sector do deporte e o total da economía achega algúns resultados significativos:

- O sector do deporte precisa de menos consumos intermedios para producir que o total da economía. Isto, como veremos noutras seccións deste documento, implica que ten unha menor interrelación con outros sectores. Como vimos na definición do sector segundo a Conta Satélite, as actividades incluídas pertencen sobre todo ao sector servizos e a menor presenza de consumos intermedios na estrutura da produción e un trazo común nas actividades terciarias.


¹⁰ Na difusión anual da operación “Contas económicas anuais” pode atoparse unha sección na que se sintetizan estes resultados

<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9611&c=0307007001&idioma=gl>

- As “Outras subvencións sobre a produción” superan aos “Outros impostos sobre a produción” polo que os impostos netos son negativos. Trátase dun sector no que o financiamento recibido das administracións públicas xoga un papel relevante.
- A remuneración do factor traballo supera ao do conxunto da economía. Xa comentamos que o sector do deporte é intensivo en factor traballo e o conxunto da remuneración dos asalariados representaba en 2022 un 45,5% do total da produción mentres no conxunto da economía esta porcentaxe é do 21,3%.
- En cambio, a remuneración do factor capital, medido pola achega do excedente de produción é sensiblemente inferior no sector do deporte. Só representa o 9,9% da produción, mentres no total da economía se sitúa no 22,7%.

Gráfico 4 Composición da produción no sector do deporte e comparativa coa composición do total da economía. Ano 2022(p)

Unidade: porcentaxe (%)



(p) Datos provisionais

Fonte: IGE. Conta Satélite do Deporte. Revisión estatística 2024; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024

Neste apartado analizaremos cinco indicadores do sector que se obteñen como cocientes de variables calculadas a partir da conta satélite que contribúen a describir o sector do deporte, pero tamén a situalo no contexto da economía galega.

Táboa 4 Indicadores do sector do deporte. Ano 2022(p)

Unidade: porcentaxe; euros

Indicadores	Deporte	Total economía
Capacidade para crear valor: VEB / produción (%)	54,8	44,2
Produtividade do factor traballo: VEB / hora traballada	28,0	35,0
Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / VEB (%)	83,0	48,2
Remuneración por hora asalariada	26,5	20,6
Taxa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)	90,1	84,6

(p) Datos provisionais

Fonte: IGE. Conta Satélite do Deporte. Revisión estatística 2024; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024

A capacidade de crear valor define as unidades monetarias de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción. Será tanto maior canto menos consumos intermedios¹¹ se utilicen no proceso de produción, polo que se aproxima ao concepto de eficiencia produtiva. Hai que ter presente que esta ratio non analiza a eficiencia do factor traballo, senón só a utilización de insumos (materias primas e servizos) no proceso produtivo. Este indicador é superior no sector do deporte que na media da economía. Este argumento é o complementario do da relación entre consumos intermedios e produción citado anteriormente.

A produtividade do factor traballo mide o valor engadido producido por cada hora de traballo efectivo. É unha medida da produtividade aparente do traballo en termos correntes. No sector do deporte a produtividade do factor traballo é inferior ao da media da economía.

A participación das rendas salariais no valor engadido mide a cota de valor engadido utilizada para remunerar o factor traballo asalariado. O valor engadido, pola vía das rendas, é o resultado da suma de remuneración dos asalariados, excedente de explotación bruto e impostos netos sobre a produción e as importacións. Na medida en que a ratio remuneración de asalariados sobre VEB sexa alta significa que a parte de valor xerado destinado a pagar salarios será elevada e, polo tanto, a parte que remunera o factor capital (excedente de explotación bruto) e os impostos será menor.

¹¹ O VEB é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios (saldo contable da conta de produción).

Hai que ter en conta que o excedente de explotación inclúe a remuneración do traballo non asalariado, baixo a denominación de rendas mixtas. O indicador presenta un valor superior ao do total da economía no ano 2022, sendo unha das características máis distintivas do sector en termos comparativos co resto da economía.

A remuneración por hora de traballo asalariada mide a remuneración media do traballo asalariado. Non inclúe a remuneración do traballo non asalariado, que estaría recollida no excedente bruto de explotación, concretamente no concepto de "Renda mixta". No sector do deporte esta remuneración está por riba da media da economía.

A taxa de asalarización mide a porcentaxe de emprego asalariado sobre o total de emprego. En termos do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010) o emprego asalariado inclúe, ademais dos remunerados mediante un salario, propietarios (persoal non remunerado en nómina) de empresas con personalidade xurídica propia (independentemente do réxime de afiliación á Seguridade Social). No deporte a porcentaxe de emprego asalariado no total do emprego é 5,5 puntos superior ao promedio da economía.

3 Unha extensión da Conta Satélite a través do Marco Input-Output

A valoración do deporte na economía galega realizada na Conta Satélite do Deporte achega os efectos directos xerados polos produtores de bens e servizos relacionados co deporte, tal e como foron definidos na Táboa 1. Porén, é relevante, neste e en calquera outro sector, non quedarse coa visión dun illote na economía, senón analizar as relacións co resto de sectores e estimar os denominados efectos indirectos: aqueles derivados do proceso de produción de bens e servizos deportivos a través da súa cadea de valor, mediante a demanda doutros bens e servizos producidos na economía galega.

Nas contas satélite do deporte realizadas en diversos países da Unión Europea esta visión é predominante. A principal característica é a utilización do marco input-output para estimar non só a achega directa do deporte (que en Galicia se realizou a partir das Contas Económicas Anuais) senón tamén a relación entre sectores. Esta visión é a que se presenta neste bloque para o que foi preciso desenvolver ad hoc unha matriz simétrica do deporte de Galicia. O procedemento, explicado no Anexo I deste documento, implica non só estimar os niveis de produción, consumos intermedios, etc., do deporte senón tamén o tipo de bens e servizos que se consumen no sector para levar a cabo a súa produción.

A matriz simétrica estimada trata a rama do deporte como unha rama a maiores: créase unha fila e unha columna no esquema input-output no que se recolle a actividade do sector, actividade que se detrae das ramas de actividade homoxéneas nas que se contabiliza na difusión estándar a actividade do deporte. O resultado é unha matriz cunha dimensión que permite realizar unha análise input-output tradicional baseada en coeficientes como os que o IGE inclúe na publicación da matriz simétrica da economía galega de 2021¹². Son nove táboas que facilitan os seus obxectivos analíticos, e que se basean na meirande parte na metodoloxía da análise input-output desenvolvida a partir dos traballos de Leontief. Unha vez derivada a matriz simétrica do deporte calcúlanse estes coeficientes e os resultados expóñense a continuación.

¹² Na metodoloxía da operación estatística "Marco Input-Output" inclúese, no apartado 4.4, a relación de matrices complementarias que pretenden facilitar o traballo dos usuarios deste produto https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia_MIOGAL21_gl.pdf

3.1 Complexo produtivo do sector do deporte

Realizaremos unha primeira aproximación ás relacións intersectoriais na economía galega estudando as ligazóns específicas entre ramas. Empregaranse para iso os coeficientes de ligazón de Streit que se definen como segue:

$$CES_{ij} = \frac{LEO_{ij} + LEO_{ji} + LED_{ij} + LED_{ji}}{4},$$

Onde:

LEO_{ij} ¹³ é a ligazón específica de oferta entre as ramas i e j definida como o cociente entre o que a rama i lle entrega á rama j e o total da demanda intermedia da primeira. Segundo se computen ou non dentro da rama i os bens e servizos procedentes do exterior da rexión, estaremos ante ligazóns con importacións (LEO_{ij}^T) ou sen importacións (LEO_{ij}^R). Xa que logo, LEO_{ij}^T representa o tanto por un absorbido pola rama j do total de recursos (rexionais ou importados) da rama i que son consumidos pola demanda intermedia. LEO_{ij}^R é o tanto por un que representan os consumos intermedios realizados polos establecementos galegos da rama j respecto do total de outputs intermedios dos establecementos, tamén galegos, da rama i .

LED_{ij} ¹⁴ é a ligazón específica de demanda entre as ramas i e j . De novo hai que distinguir entre ligazóns específicas de demanda con importacións (LED_{ij}^T) e sen importacións (LED_{ij}^R), segundo se computen a totalidade das compras intermedias ou só as de establecementos situados na rexión. LED_{ij}^T representa o tanto por un que sobre o total de consumos intermedios da rama j (tanto de orixe galega coma exterior) representan os realizados por ela respecto de bens e servizos da rama i . LED_{ij}^R é o tanto por un que, sobre o total dos consumos intermedios de orixe galega realizados pola rama j , representan os adquiridos por ela nos establecementos, tamén galegos, encadrados na rama i .

Se as ligazóns utilizadas son do tipo "sen importacións", poderemos identificar os nós de produción reais da economía galega. Pero se as consideradas son da clase "con

¹³ $LEO_{ij} = \frac{X_{ij}}{\sum_j X_{ij}}$, onde X_{ij} é o consumo intermedio que a rama j fai de produtos da rama i

¹⁴ $LED_{ij} = \frac{X_{ij}}{\sum_i X_{ij}}$, sendo X_{ij} é o consumo intermedio que a rama j fai de produtos da rama i

importacións”, as relacións identificadas suxiren posibles oportunidades para desenvolver complexos produtivos en Galicia.

O coeficiente de ligazón de Streit toma valores entre 0 e 1 e a proximidade a 1 indica maior dependencia entre as ramas consideradas. Para discriminar cales son as relacións intersectoriais máis importantes que nos servirán para identificar as cadeas produtivas, é habitual establecer un limiar mínimo, de modo que un sector j se considera incluído na cadea produtiva dun sector i sempre que o coeficiente de ligazón de Streit sexa superior ao dito limiar. A partir da observación dos valores destes coeficientes na economía galega, adoptouse o criterio de considerar incluído na cadea produtiva dun sector todas aquelas ramas vinculadas con el por un coeficiente de ligazón de Streit superior a 0,1. Ademais, para falar dun complexo produtivo esiximos un mínimo de tres conexións relevantes entre ramas.

Con base aos criterios definidos, en 2021 non podemos falar dun complexo produtivo do deporte en Galicia, posto que as actividades do deporte non presentan conexións relevantes con outras ramas de actividade da economía galega.

3.2 Efectos directos e indirectos

Un dos principais inconvenientes do emprego das ligazóns entre ramas para a análise das relacións intersectoriais é que no cálculo das ligazóns só se teñen en conta as relacións produtivas directas entre as ramas de actividade.

Os encadeamentos directos cara atrás representan as necesidades que a rama ten dos inputs intermedios que lle proporcionan o resto das ramas produtivas da economía galega. Un valor alto do indicador reflicte un uso intensivo de consumos intermedios na produción total e ademais que os devanditos consumos teñen orixe galega. Isto implica unha integración na economía galega como demandante de produtos galegos.

Baseándonos neste indicador, a rama do deporte (0,3436) presenta uns encadeamentos directos cara a atrás inferiores ao promedio da economía galega (0,3567).

Tal e como se recolle na Táboa 5, o efecto arrastre do sector amplificaríase de substituírse as importacións por produción interior. O coeficiente total fai referencia a este efecto.

Os encadeamentos directos cara a diante informan sobre a situación dun sector na cadea de valor e recollen se o seu destino ten un carácter maioritariamente final ou intermedio. Un maior valor do indicador implica unha maior orientación como subministradora de inputs para a economía galega, é dicir, cara á demanda intermedia.

Táboa 5 Encadeamentos directos e totais

		Encadeamentos directos		Encadeamentos totais		Coeficientes de traballo	
		Cara a atrás	Cara a diante	Cara a atrás	Cara a diante	Directos	Totais
DEPORTE	Interior	0,3436	0,0788	1,5072	1,0975	0,0153	0,0216
	Total	0,4105	0,0769	1,8535	1,0976	0,0153	0,0242
Total economía	Interior	0,3567	0,3709	1,5640	1,5909	0,0107	0,0157
	Total	0,5583	0,4505	2,4017	1,7957	0,0107	0,0214

Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. *Marco Input-Output de Galicia. Ano 2021*

As actividades do deporte están máis próximas ao consumidor ou usuario final e presenta uns encadeamentos directos cara a diante máis baixos (0,0788) que os da media da economía (0,3709).

Os coeficientes descritos ata o momento teñen en conta unicamente as relacións directas entre ramas, pero para captar o efecto arrastre dun sector sobre a economía tamén se deben ter en conta as conexións indirectas entre sectores que se establecen ao longo das cadeas produtivas que existen na economía.

Así, os encadeamentos totais cara atrás engádenlles aos encadeamentos directos o efecto de que, ante un incremento da demanda, a propia rama vai aumentar tamén os consumos de todos os seus inputs intermedios. Isto pon de manifesto que, cando se incrementa a demanda final da rama *j*, a rama *i* non só ten que aumentar a súa produción na contía que *j* precisa directamente de tales bens para poder elevar o seu nivel de produción, senón que tamén terá que atender as demandas intermedias xeradas por todos os sectores que, directa ou indirectamente, son provedores de *j*.

As actividades deportivas non se caracterizan por un efecto arrastre moi elevado (1,5072). Este coeficiente é lixeiramente inferior ao promedio da economía (1,5640).

Os coeficientes de traballo directos recollen os postos de traballo que se xeran por unidade de produción. As actividades deportivas teñen un coeficiente máis elevado (0,0153) que a media da economía (0,0107). O que implica que xeran 15,3 postos de traballo por cada millón de euros producido.

Pero como existen interconexións entre as ramas da economía galega, un incremento da produción nunha delas non só provoca incrementos de emprego nesa rama, senón que na medida en que esta utiliza inputs producidos por outras ramas tamén repercute no seu emprego.

Táboa 6 Coeficientes de traballo directos e totais e a súa descomposición

	Coeficientes de traballo			Totais (D=A+B+C)	Efecto multiplicador (D/A)
	Directos (A)	Indirectos (B)	Inducidos (C)		
DEPORTE	0,0153	0,0047	0,0016	0,0216	1,4118

Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. *Marco Input-Output de Galicia. Ano 2021*

Os coeficientes de traballo totais recollen a capacidade total de xerar emprego na economía galega. Segundo estes coeficientes, as actividades do deporte xeran 21,6 empregos na economía galega por cada millón de euros producido, dos cales 15,3 se xeran na propia rama e os 6,3 restantes se corresponden con empregos indirectos noutras ramas da economía que subministran inputs a estas actividades ou aos seus provedores. Concretamente, 4,7 empregos xeraríanse nos provedores de primeira liña do sector e o resto serían empregos inducidos, producidos a causa do aumento da demanda de inputs que realizan as diferentes ramas afectadas polos efectos indirectos e que se transmiten ao conxunto de sectores da economía.

3.3 Identificación de sectores clave

Os indicadores definidos ata o momento non discriminan a importancia que unha rama cun maior nivel de produción ou cun maior peso na demanda final poida ter sobre outras e, en consecuencia, sobrevaloran o papel que xogan na economía as ramas máis pequenas e menosprezan o papel daquelas máis grandes. Como solución a este problema, Fernández, M. e Fernández-Grela, M.¹⁵ propoñen utilizar índices

¹⁵ Véxase Fernández, M.; Fernández-Grela, M. (2003), pág. 19 e seguintes.

ponderados a partir da demanda final como medidas da intensidade dos encadeamentos.

Para ver a intensidade das ligazóns cara atrás da rama j , podemos utilizar o índice de poder de dispersión (U_j^P), definido como:

$$U_j^P = \frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R} \left(\frac{1}{n} \right) \sum_j \frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R}$$

onde α_{ij}^R representa o elemento correspondente á fila i , columna j da matriz inversa de Leontief rexional (L^R); n é o número de ramas homoxéneas e D_i^R o valor da demanda final da produción interior galega.

Por outra parte, o indicador de intensidade dos encadeamentos cara a diante dunha rama de actividade calquera i , índice de sensibilidade de dispersión (U_i^S), defínese así:

$$U_i^S = \frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R} \left(\frac{1}{n} \right) \sum_i \frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R}$$

onde β_{ij}^R representa o elemento correspondente á fila i , columna j da matriz inversa de Ghosh rexional (G^R).

Cando unha rama presenta un valor destes índices por riba da unidade, estará indicando que a rama en cuestión ten un encadeamento superior ao da media e que será tanto maior canto maior sexa o valor do índice. En función do valor que tomen estes índices, podemos identificar os sectores claves da economía galega:

- Sectores clave: son os sectores que presentan valores superiores á unidade para os dous índices. Estes sectores son importantes demandantes e oferentes dentro da economía galega.
- Sectores básicos: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de sensibilidade de dispersión, pero menores ca a unidade para o índice de poder de dispersión. Son sectores cunha orientación da produción cara á

demanda intermedia e que, polo tanto, teñen fortes encadeamentos cara a diante, pero débiles cara atrás.

- Sectores motores: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de poder de dispersión, pero menores ca a unidade para o índice de sensibilidade de dispersión. É dicir, sectores orientados cara á demanda final e que, polo tanto, teñen fortes encadeamentos cara atrás, pero débiles cara a diante.
- Sectores independentes: son sectores con valores menores ca a unidade para os dous índices e que, polo tanto, están pouco relacionados co resto dos sectores da economía galega.

Utilizando esta clasificación as actividades deportivas clasifícanse como independentes, é dicir, son actividades orientadas cada a demanda final e pouco relacionadas co resto de sectores da economía galega.


Táboa 7 Clasificación do deporte

	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
DEPORTE	0,4433	0,8326	Independente

Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. *Marco Input-Output de Galicia. Ano 2021*

No gráfico representamos o índice de sensibilidade de dispersión e índice de poder de dispersión para as ramas do sector servizos da economía galega. As ramas do sector servizos do cuadrante de "Sectores clave" xeran un valor engadido elevado, precisan dun elevado volume de inputs para producir e a súa produción é consumida en parte por outras ramas da economía. As actividades sanitarias e de servizos sociais ("R86_88M" e "R86_88NM"), a "Educación de non mercado" (R85NM), a actividade da administración pública (R84), os "Servizos inmobiliarios" (R68), os "Servizos de comida e bebida" (R56), as actividades de transporte (R49) e loxística (R52), o comercio por xunto (R46) e polo miúdo (R47) e a venda e reparación de vehículos de motor (R45) son exemplos de servizos clave na economía galega.

Gráfico 5 Clasificación das ramas homoxéneas do sector servizos



NOTA: este gráfico está realizado en escala logarítmica para facilitar a súa visualización. No anexo II incluímos a correspondencia entre códigos e ramas homoxéneas.

(*) Non comprende as actividades vencelladas ao deporte.

Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. *Marco Input-Output de Galicia. Ano 2021*

3.4 Método de extracción hipotética

O método de extracción hipotética permite cuantificar a relevancia dun sector a partir da avaliación das consecuencias que tería para a economía eliminar dito sector. A relación cos apartados anteriores é clara: ademais de avaliar o efecto directo da eliminación do sector valórase o efecto nas ramas de actividade con relacións sectoriais directas co sector, pero tamén o efecto incrementado das relacións indirectas.

O punto de partida é a ecuación fundamental do modelo Input-Output, que relaciona a produción de cada sector en función da demanda satisfeita por produción interior e da matriz de coeficientes técnicos. No caso de eliminar o sector do Deporte estamos eliminando unha rama de actividade da Matriz simétrica da economía galega, o que significa que as unidades clasificadas nesa rama desaparecen como produtoras de inputs para outras ramas de actividade e tamén como demandantes de consumos intermedios producidos por outras ramas de actividade da economía galega. Na aplicación deste método asúmese que a tecnoloxía das ramas de actividade non varía e que os bens producidos polas ramas eliminadas substitúense por bens importados. Isto é, calquera sector, seguirá demandando servizos deportivos, pero terá que recorrer ás importacións, é dicir, serán servizos producidos por unidades que prestan servizos desde o resto de España, a Unión Europea ou terceiros países.

Así, partindo da ecuación fundamental do modelo de Leontief

$$x = (I - A)^{-1} y$$

Sendo x o vector de producións da matriz simétrica, A a matriz de coeficientes técnicos interiores, e y o vector de demanda final satisfeita por produción interior. A matriz inversa de Leontief é a expresión $(I - A)^{-1}$. No caso galego, temos unha matriz simétrica de 72 ramas de actividade (as 71 difundidas máis o deporte), polo que teremos vectores de produción e demanda final de dimensión 72x1 e unha matriz de coeficientes técnicos interiores de 72x72.

No método de extracción hipotética, supoñemos a extracción dunha rama de actividade, é dicir, temos unha nova matriz de coeficientes, nulos para a rama do deporte. Ao non existir, non hai produción interior nin demanda final desta produción interior, polo que toda demanda se satisfai con importacións. Porén, o resto de relaciones interindustriais da economía mantéñense:

$$\overline{a_{kj}} = \overline{a_{ik}} = 0 \quad \forall i, j, \text{ sendo } k = \text{Deporte}$$

$$\overline{a_{ij}} = a_{ij} \quad \forall j \neq k$$

$$\overline{y_k} = 0, \quad \overline{y_i} = y_i \quad \forall i \neq k$$

A extracción destas ramas de actividade provoca que a matriz de coeficientes e o vector da demanda final sexan diferentes:

$$\bar{x} = (I - \bar{A})^{-1} \bar{y}$$

As diferenzas entre a produción orixinal e a produción estimada tras a extracción da rama pódese considerar un indicador da relevancia do sector. Ademais, permite valorar aquelas ramas máis afectadas pola desaparición do sector.

Táboa 8. Efectos na economía da extracción do sector do deporte.
Porcentaxes (%)

Tipo de efectos da extracción	Sobre PIB	Sobre Emprego
Efecto total	1,29	1,95
Efecto directo	0,89	1,41
Efecto indirecto	0,40	0,54
No sector primario	0,01	0,01
No sector industrial	0,06	0,04
No sector da construción	0,02	0,02
No resto do sector servizos	0,32	0,47

Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. *Marco Input-Output de Galicia. Ano 2021*

O efecto total sería unha contracción de 1,29 puntos porcentuais no produto interior bruto e 1,95 puntos no total do emprego. No caso do PIB, a meirande parte do efecto é directo¹⁶, provocado polo suposto de eliminación do sector, porén o efecto indirecto é do 0,40% do PIB e está concentrado no sector servizos. No caso do emprego o efecto directo tamén supera o indirecto e é especialmente relevante o efecto indirecto no sector servizos.

Para afondar na análise dos sectores máis afectados por esta extracción hipotética presentamos unha distinción: aqueles sectores que son provedores do sector do deporte e os efectos sucesivos a través do impacto neles. Esta é a idea na que se asenta o modelo de Leontief, e que no caso deste sector representaría como o efecto da extracción se espalla por toda a economía a partir dun impacto nuns provedores que son fundamentalmente do sector terciario.

O impacto no PIB prodúcese de xeito directo na rama que estamos extraendo (o deporte); efecto que representa un 0,89 % do PIB. De xeito indirecto, a principal rama

¹⁶ Nótese que o efecto directo calculado neste apartado non tería por que coincidir coa achega do sector á economía calculado no apartado 2.1. O motivo principal das diferenzas radica na utilización aquí da Matriz simétrica, na que as ramas de actividade consideradas son ramas homoxéneas, que proveñen dunha transformación baseada en certas hipóteses sobre cada rama de actividade real. A simétrica é a matriz máis axeitada para analizar o impacto conxunto sobre a economía a través das relacións intersectoriais, pero se queremos valorar un sector como agregación das unidades institucionais que o forman, a visión idónea é a que ofrecemos no capítulo 2. Na metodoloxía do Marco input-output pode consultarse polo miúdo o proceso de elaboración da Matriz simétrica.

afectada agrupa servizos de seguridade, limpeza e outros servizos a empresas (código R80_82). O efecto dunha hipotética extracción implica unha redución do 0,07 % do PIB, fundamentalmente polo carácter de provedor de servizos destas.

A seguinte rama afectada son as “Actividades inmobiliarias” (R68), que retrae un 0,06% do PIB, principalmente por ser provedor directo das actividades deportivas, recreativas e de entretemento (os efectos sucesivos achegan só un 0,01%).

Os efectos no PIB derivado do impacto nas seguintes ramas (véxase Táboa 9) son dunha magnitude similar:

- Servizos financeiros (R64) cun impacto do 0,03%
- Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, cun impacto do 0,02%
- Actividades xurídicas e de contabilidade, de sedes centrais e de consultoría e xestión empresarial (R69_70) cuxa redución afectaría ao total da economía cunha baixa de 0,02% no PIB total.
- Outros servizos persoais (R96) cun impacto indirecto do 0,02% no PIB e
- A Construción (R41_43) cuxos efectos a través do deporte implicarían un retroceso do 0,02% na actividade económica da Comunidade.

Táboa 9. Descomposición do efecto no PIB por rama de actividade e tipo de efecto. Principais ramas afectadas.

Datos en porcentaxes

	Efecto directo	Efecto indirecto		
	TOTAL	TOTAL	Como provedor directo	Efectos sucesivos
DEPORTE	0,89			
R80_82 Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das		0,07	0,06	0,01
R68 Actividades inmobiliarias		0,06	0,05	0,01
R64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións		0,03	0,02	0,01
R35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado		0,02	0,02	0,01
R69_70 Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultoría e de xestión empresarial		0,02	0,01	0,01
R96 Outros servizos persoais		0,02	0,02	0,00
R41_43 Construción		0,02	0,01	0,01
R71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análise técnica		0,01	0,01	0,00
R46 Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor		0,01	0,01	0,01
R62_63 Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información		0,01	0,01	0,00

Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. *Marco Input-Output de Galicia. Ano 2021*

Ademais do impacto agregado no nivel de actividade en Galicia, é interesante coñecer cal é o efecto nas ramas de actividade, isto é, en que medida se vería reducido o seu Nivel de actividade. Na seguinte táboa aparecen as ramas máis afectadas por unha hipotética extracción da rama do deporte xerarquizada na porcentaxe de redución do seu valor engadido. A rama máis afectada pola extracción sería a que inclúe as actividades recreativas (código R93, que orixinalmente recollía as actividades deportivas) cun efecto do 5,8% do seu VEB.

Séguelle a rama R80_82, na que o 3,9% depende do sector deporte como provedor directo (3,2%) e polo efecto nas diferentes cadeas de valor (0,7%). A rama R96 "Outros servizos persoais" rexistraría unha caída do 2,4% do seu valor engadido.

Cun impacto menor (2%) sitúase a rama das "Axencias de viaxe" (código R79), os "Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría" (R71), cun impacto do 1,5% e as "Actividades cinematográficas, de vídeo, televisión, programación e emisión de radio e televisión" (R59_60) un impacto do 1,3%.

Táboa 10. Ramas máis afectadas pola extracción da rama do deporte

Datos en porcentaxes

Ramas de actividade	Redución VEB total	Como provedor directo	Efectos sucesivos
R93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento (*)	5,8	-	5,8
R80_82 Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das	3,9	3,2	0,7
R96 Outros servizos persoais	2,4	2,1	0,3
R79 Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas	2,0	1,8	0,2
R71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análise técnica	1,5	1,1	0,4
R59_60 Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	1,3	1,2	0,1
R95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1,3	0,9	0,4
R64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1,3	0,9	0,4
R77 Actividades de alugueiro (*)	1,2	0,8	0,4
R18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1,1	0,4	0,7

(*) Non comprende as actividades vencelladas ao deporte.

Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. *Marco Input-Output de Galicia. Ano 2021*

3.5 Contextualización da extensión da Conta Satélite do Deporte

A produción estatística do IGE, a iniciativa da Secretaría Xeral do Deporte, consegue dar unha valoración do peso do deporte na economía de Galicia, tanto de xeito directo (0,9% segundo a Conta Satélite do Deporte) como de xeito indirecto (0,4% segundo a extensión realizada neste capítulo). A definición do sector e a metodoloxía utilizada para dar esta valoración final (1,3% en termos de PIB) está limitada polas fontes de información dispoñible e inspirada nos traballos realizados en Europa cos que comparte obxectivo: dimensionar o deporte como actividade económica.

A pesar de non existir un regulamento nin unha metodoloxía clara sobre a definición e o procedemento a seguir para estimar as variables macroeconómicas, hai dous trazos que comparten os estudos sobre a materia: o apoio na clasificación de Vilnius e o papel das táboas input-output nas denominadas Contas Satélites.

No ano 2012 difundíuse un estudo liderado Austria (Institute of Sports Economics - SpEA-, 2012) e auspiciado pola Comisión Europea na que se estimaba a contribución do deporte ás economías da UE utilizando os dous trazos que describíamos antes¹⁷, en particular cunha definición do sector máis ampla que a definición utilizada na Conta Satélite do Deporte de Galicia.

Os casos máis recentes son os traballos elaborados no Reino Unido (Department for Culture, Media & Sport, 2024) e Alemaña (Ahlert G., Repenning S., 2024), que se caracterizan por teren un soporte metodolóxico robusto e por estaren apoiados na estatística pública (aínda que non sexan elaborados polos institutos de estatística destes estados).

A primeira introduce estimacións para as nacións que integran o Reino Unido a través de táboas input-output rexionais e define o sector a través da definición de Vilnius. Publica datos referidos a 2021 sinalando que a achega dos produtos característicos do deporte representan o 0,89% do PIB. Se consideran os "conexos", a achega do sector sobe ao 2,63% do PIB, e considerando os efectos indirectos a repercusión final sitúase no 4,07%. Hai que sinalar que o multiplicador calculado neste estudo é do 1,55, similar ao estimado para Galicia.

¹⁷ A estimación para España realizada neste estudo achegaba uns resultados do 2,3% do total do PIB.

O traballo realizado en Alemaña céntrase especialmente nos métodos para elaborar a Conta Satélite do Deporte de Alemaña, dispoñible para os anos 2010-2019. A diferenza do traballo realizado en Galicia, que se centraba máis na oferta, o documento de Ahlert e Repenning dálle prioridade á estimación vía demanda. Isto explícase polo esforzo realizado por coñecer aspectos do gasto en deporte, a través de enquisas a fogares sobre consumo deportivo, sobre gasto en instalacións deportivas e sobre gasto en publicidade, esponsorización deportiva e dereitos televisivos. Ademais de dar prioridade á perspectiva da demanda, a definición do sector é moi diferente da realizada en Galicia e incluso, tal como sinalan os autores, estende os límites marcados pola definición de Vilnius. Segundo este estudo, a aportación do deporte á economía xermana roldaría o 2,3% desde unha perspectiva de demanda e o 2,2% desde unha perspectiva de oferta.

Na planificación estatística estatal xurdiu un borrador de proxecto técnico, elaborado pola *Dirección General de Estadística y Estudios* do Ministerio de Cultura y Deporte. O dito borrador definía concretamente as "Actividades características" do sector, pero deixaba aberta a determinación do que denomina "Actividades conexas" que prevé determinar coa axuda das táboas de orixe e destino. Todas as actividades características que prevé valorar este proxecto están incluídas dentro da definición utilizada na Conta Satélite do Deporte de Galicia.

Nas Comunidades autónomas son varios os estudos que buscan dar unha valoración económica ao deporte. Andalucía (Junta de Andalucía, 2018), nun traballo realizado pola *Empresa Pública para la Gestión del Turismo y del Deporte de Andalucía S.A.*, estimou pola vía da oferta unha achega do deporte ao valor engadido total do 1,02% en 2018. Euskadi (Escuela Vasca del Deporte, 2018) cuantifica nun 2,6% o impacto directo da industria do deporte nesa comunidade.

A Comunidade Valenciana (Maudos, et.al, 2024), nun traballo do Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas (IVIE), cuantifica nun 1,05% a achega directa e dun 1,88% o impacto total do deporte. Este traballo ten unha metodoloxía moi similar á adoptada polo IGE: ten unha visión fundamentalmente de oferta, asume que as fontes de información condicionan unha definición do sector operativa e realizan a estimación en dous pasos: o impacto directo a través da desagregación das estatísticas oficiais da Comunidade e o impacto indirecto a través da aplicación da metodoloxía input-output.

4 A división 93 “Actividades deportivas, recreativas e de entretemento”

Como sinalamos no primeiro capítulo, a CNAE-09 non recolle nun único epígrafe todas as actividades vencelladas ao deporte, o que obriga a realizar unha estimación *ad hoc* destas, sempre que as fontes estatísticas o fagan viable, para construír unha Conta satélite. Porén, a definición do sector segundo esta impide ter unha comparabilidade dos nosos datos co doutros espazos económicos, algo que si podemos realizar en sectores tradicionais ben definidos pola CNAE.

A oficina estatística da UE (Eurostat) obriga aos Estados membros a seguir esta clasificación para transmitir os datos macroeconómicos. No nivel de desagregación máis ambicioso, os Estados deben enviar información da división 93 da CNAE, que inclúe as “Actividades deportivas, recreativas e de entretemento”. No Sistema de Contas Económicas de Galicia difúndese, desde o ano de referencia 2021, información separada da división 93¹⁸, polo que podemos comparar a dita información coa de España e resto dos Estados membros.

Para os efectos deste documento, o uso desta información ten unha limitación relevante pero tamén unha fortaleza evidente:

- A limitación é que nesta división atópanse un conxunto de actividades que non son do deporte, segundo a proposta de Vilnius (en concreto o grupo 932 “Actividades recreativas e de entretemento”), e non recolle todas as actividades que foron consideradas no capítulo anterior dentro da definición do sector.
- A fortaleza é que posibilita realizar análises comparadas con outros espazos económicos. Dado que o Sistema de Contas Económicas de Galicia se elabora consonte aos estándares metodolóxicos definidos por Eurostat, poderemos analizar a achega da actividade económica definida por esta división ao conxunto da economía.

Ademais da información por rama de actividade, no Marco Input-Output de Galicia difúndese información por produtos. Nas táboas de orixe e destino do Marco inclúese


¹⁸ En períodos anteriores esta información está contida na sección da CNAE “R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento”.

información de dous servizos característicos desta división da CNAE o que nos vai permitir coñecer a composición de oferta e demanda. Tamén no Marco, a través da Matriz Simétrica, e tal como se expuxo no capítulo anterior, podemos analizar as relacións intersectoriais desta actividade.

4.1 As "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento" no contexto internacional

A achega das Actividades deportivas, recreativas e de entretemento (división 93) ao Produto interior bruto (PIB) de Galicia foi do 0,5% en 2022. Esta participación no PIB é inferior á rexistrada no conxunto estatal (0,9%) pero superior á da Unión Europea (0,4%). Estas porcentaxes son similares ás rexistradas no ano 2021, aínda que en España se rexistra un lixeiro incremento. No conxunto estatal apréciase un incremento do peso destas actividades desde 2007 a 2019, ano no que representan o 1% do PIB. No conxunto da Unión Europea a porcentaxe mantense estable ata 2019 e, tras descender en 2020 e 2021, alcanza o 0,4% do PIB en 2022.

Gráfico 6 Achega ao PIB da división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Galicia, España e UE-27
Unidade: Porcentaxes




Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividade. EUROSTAT. National Accounts

En España rexístrase a maior contribución desta división ao PIB dentro dos países da Unión Europea. Galicia sitúase dentro do grupo no que este conxunto de actividades

teñen unha maior relevancia en termos de VEB, superada por Croacia, Estonia, Finlandia, Suecia e Francia pero por riba da media europea.

Gráfico 7 Achega ao PIB da división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Galicia e países da UE-27. Ano 2022


Unidade: Porcentaxes



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad. EUROSTAT. National Accounts

Gráfico 8 Achega ao emprego da división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Galicia, España e UE-27

Unidade: Porcentaxes




Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad. EUROSTAT. National Accounts

En termos de emprego a situación é semellante. No ano 2022, as persoas empregadas na división 93 representan o 1% do total en Galicia. Esta porcentaxe é superior en España (1,2%), pero inferior no conxunto da UE-27 (0,8%). O perfil temporal repite o xa comentado para a xeración de valor engadido: en España medra a porcentaxe de emprego ocupado nesta actividade ate alcanzar o seu máximo en 2019.

Galicia tamén se sitúa dentro do grupo no que este conxunto de actividades teñen unha maior relevancia en termos de emprego, se ben esta vez é Suecia é o estado membro da UE-27 no que o emprego neste conxunto de actividades é máis elevado (1,3%).

Gráfico 9 Achega ao emprego da división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Galicia e países da UE-27. Ano 2022

Unidade: Porcentaxes



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividade. EUROSTAT. National Accounts

A información da rama de actividade 93 no Sistema de Contas Económicas de Galicia permite construír indicadores que resumen algúns aspectos deste sector. Esta información pódese comparar coa que os Estados membros remiten a Eurostat, para coñecer algúns trazos da actividade recollida na división 93. Utilizaremos cinco indicadores moi similares aos utilizados no capítulo anterior¹⁹.

¹⁹ A diferenza radica en que Eurostat non achega información de horas traballadas para o agregado "Unión Europea – 27" polo que os indicadores de produtividade por hora traballada e remuneración por hora asalariada substitúense por produtividade por persoa e remuneración por persoa asalariada.

Táboa 11 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento. Indicadores derivados. Ano 2022.

	Galicia	España	UE-27
Capacidade para crear valor: VEB / produción (%)	45,2	50,0	44,3
Produtividade do factor traballo: VEB / persoa	33.264	47.276	43.276
Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / VEB (%)	86,7	74,9	71,0
Remuneración por persoa asalariada	31.162	41.083	36.394
Taxa de asalarización: persoas asalariadas / persoas	92,5	86,2	84,4

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad. EUROSTAT. National Accounts

O valor engadido xerado por produción (capacidade para crear valor) é inferior en Galicia que en España. Na nosa Comunidade autónoma, as unidades clasificadas na división 93 da CNAE xeran un valor engadido de 45,2 euros por cada 100 euros de produción. En España este valor é de 50 euros, mentres no conxunto da UE-27 o valor é inferior. Como indicamos no capítulo anterior, este indicador de eficiencia na produción ten a súa contraparte na capacidade de arrastre do sector ou rama.

A produtividade do factor traballo, medida polo coeficiente entre valor engadido e persoas, é inferior en Galicia que en España e na UE-27: no ano 2022 en Galicia sitúase en 33.264 euros mentres en España alcanza os 47.276 euros; isto é, a produtividade galega está no 70% da española. A diferenza coa UE-27 é máis cativa (77%)²⁰.

Relacionado con esta produtividade inferior, nesta rama de actividade tamén temos unha remuneración media do traballo asalariado inferior. A remuneración por persoa asalariada ascendeu a 31.162 euros polos 41.083 euros rexistrados no conxunto estatal.

A participación das rendas salariais no valor engadido é superior en Galicia. De cada 100 euros de valor engadido xerado, 86,7 se utilizan para remunerar o traballo asalariado (en España este valor é de 74,9 e na UE-27 de 71). Isto está relacionado co feito de que a taxa de asalarización rexistrada nesta rama de actividade é superior en Galicia (92,5%, fronte ao 86,2% de España e o 84,4% na Unión Europea 27).

²⁰ Na comparativa dos valores en euros, sería axeitado utilizar as Paridades de Poder de Compra (PPA) para obter unha comparativa máis precisa entre os datos de Galicia e os da UE-27.

4.2 As “Actividades deportivas, recreativas e de entretemento” no contexto estatal.

Para coñecer a achega das Actividades deportivas, recreativas e de entretemento (división 93) en cada comunidade autónoma utilizamos a información da “*Estadística Estructural de Empresas*” (EEE) do INE²¹. Empregamos esta fonte pola carencia de información de síntese: non todas as Comunidades autónomas dispoñen dun sistema de contas económicas no que se difunda o valor engadido da división 93 (como a utilizada no apartado anterior), nin a *Contabilidad Regional de España* (INE) difunde esta información detallada.

A EEE non ten información do valor engadido bruto nas táboas que se publican por Comunidade autónoma, polo que utilizaremos a variable “Cifra de negocios” co obxectivo de coñecer dúas dimensións:

- A distribución estatal das actividades deportivas, recreativas e de entretemento, isto é, en que Comunidades se concentran estas actividades.
- A relevancia das actividades deportivas, recreativas e de entretemento no conxunto dos sector servizos de cada Comunidade autónoma.

A cifra de negocios xerada en Galicia en 2022 supón o 2,4% do total estatal. Esta porcentaxe é notablemente inferior ao peso poboacional (5,6%²²) e ao peso no PIB de Galicia no total (5,2%²³). A Comunidade autónoma de Madrid é responsable do 36,6% do total, seguida de Cataluña (19,8%) e Andalucía (10,4%). Estas tres rexións concentran dous terzos da facturación total do sector.

As actividades deportivas, recreativas e de entretemento achegan o 1,5% da facturación total do sector servizos en Galicia. Se analizamos este indicador por Comunidades vemos que a comunidade cun valor máis elevado é Navarra (3,4%), seguida a certa distancia de Baleares (2,6%), Madrid (2,4%) e tres comunidades cunha contribución do 2,3%: País Vasco, Comunidade Valenciana e Andalucía.

²¹ O obxectivo desta enquisa é coñecer as características estruturais e económicas das empresas cuxa actividade principal se clasifica, neste caso, na división 93 da CNAE. Véxase “Estadística Estructural de Empresas: sector servizos”:

https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176865&menu=ultiDato&idp=1254735576778

²² INE. *Estadística continua de poboación*. Datos de poboación residente a 1 de xullo de 2022.

²³ Calculado a partir das Contas Económicas Anuais do IGE e a Contabilidad Nacional de España.

Táboa 12 Cifra de negocios na división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento" segundo a *Estadística Estructural de Empresas*. Ano 2022.


Unidade: porcentaxes

Comunidade autónoma	Peso no sector servizos	Distribución da cifra de negocios
Andalucía	2,3	10,4
Aragón	2,1	1,8
Asturias, Principado de	1,5	0,8
Balears, Illes	2,6	4,7
Canarias	1,7	3,3
Cantabria	1,6	0,5
Castilla y León	1,6	1,8
Castilla-La Mancha	1,8	1,6
Cataluña	2,2	19,6
Comunitat Valenciana	2,3	8,6
Extremadura	1,4	0,5
Galicia	1,5	2,4
Madrid, Comunidad de	2,4	36,6
Murcia, Región de	1,1	1,0
Navarra, Comunidad Foral de	3,4	1,4
País Vasco	2,3	4,6
Rioja, La	1,7	0,3
Total estatal	2,2	100

Fonte: INE. *Estadística Estructural de Empresas: sector servicios*.

Gráfico 10 Peso no sector servizos das Actividades deportivas, recreativas e de entretemento. Ano 2022.

Unidade: porcentaxe



Fonte: INE. *Estadística Estructural de Empresas: sector servicios*.

4.3 Oferta e demanda dos servizos característicos do sector

As táboas de orixe e destino (TOD) son matrices rectangulares que describen os valores das operacións de bens e servizos referidas á economía, desagregadas por tipo de produto e rama de actividade. No “Marco input-output de Galicia” distinguimos dous servizos característicos da división 93 da CNAE, definidos consonte a un estándar, neste caso a Clasificación de Produtos por Actividade (CPA-2.1):

- P93M Servizos de actividades deportivas, recreativas e de entretemento de mercado.
- P93NM Servizos de actividades deportivas, recreativas e de entretemento de non mercado.

A distinción entre os dous radica na súa consideración de mercado ou non: a produción de non mercado é aquela que se ofrece a terceiros de balde ou a prezos economicamente non significativos. Os servizos de non mercado préstanse polas unidades das Administracións públicas e as Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares.

Para cada un deles temos, a través das TOD, información da oferta e demanda: a oferta está formada por produción interior e por importacións, mentres a demanda é a suma do consumo intermedio, o gasto en consumo final, a formación bruta de capital (investimento) e as exportacións.

Na seguinte táboa resumimos a oferta e demanda dos servizos característicos do sector.

Táboa 13 Oferta e demanda de servizos característicos do deporte. Ano 2021.
Millóns de euros

Código	Descrición produto	Oferta a prezos básicos		Demanda a prezos básicos			
		Produción a prezos básicos	Importacións	Demanda Intermedia	Gasto en consumo final	Exportacións	Formación bruta de capital
P93M	Servizos de actividades deportivas, recreativas e de entretemento de mercado	512	0	85	427	0	0
P93NM	Servizos de actividades deportivas, recreativas e de entretemento de non mercado	213	0	0	213	0	0
	Total servizos de actividade deportivas recreativas e de entretemento	725	0	85	640	0	0

Fonte: IGE. *Marco Input-Output de Galicia: ano 2021*


A totalidade da oferta de servizos de actividades deportivas, recreativas e de entretemento realízanos unidades emprazadas en Galicia. No que respecta a demanda, a meirande parte vai a gasto en consumo final (concretamente un 88%) o que fala da orientación cara ao consumidor deste tipo de actividades: o 29% correspóndese ao Gasto en consumo final de administracións públicas e institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (GCF AAPP e ISFLSF), é dicir, produción de non mercado que

consumen os fogares pero financian as administracións públicas ou as institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares; e o 59% correspóndese coa produción de mercado que adquiren os fogares.

Porén, unha parte dos servizos de mercado teñen como destino a demanda intermedia, é dicir, son servizos que demandan outras unidades produtivas en Galicia para desenvolver a súa produción.

Gráfico 11 Oferta e demanda de "Servizos de actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Ano 2021

Millóns de euros



Fonte: IGE. Marco Input-Output de Galicia: ano 2021

5 Outra información socioeconómica do sector do deporte

Neste apartado analizarase o sector do deporte a partir de varias fontes de información. A meirande parte dos seguintes apartados están recollidos na actividade estatística “Información socioeconómica sobre o deporte”, que recompila información sobre o sector do deporte dispoñible en fontes de información de carácter transversal: demografía empresarial, afiliacións á seguridade social, gasto en consumo dos fogares, comercio exterior, información do rexistro mercantil ou mesmo datos de alumnado matriculado en ensinanzas deportivas.

5.1 Empresas vencelladas ao sector do deporte

Neste apartado utilizaremos a información do Directorio de Empresas e Unidades Locais recompilada polo IGE. O deporte definido neste apartado inclúe as empresas cuxa actividade económica principal pertence ao ámbito deportivo, definido polas seguintes CNAEs:

- 323 Fabricación de artigos de deporte.
- 4764 Comercio polo miúdo de artigos deportivos en establecementos especializados.
- 8551 Educación deportiva e recreativa.
- 931 Actividades deportivas.

No ano 2023 operaban en Galicia 2.952 empresas vencelladas ao deporte. A meirande parte correspóndense co grupo da CNAE 931 “Actividades deportivas” (1.966). As 986 restantes clasifícanse no comercio de artigos deportivos (414 empresas), educación deportiva (551) e fabricación de artigos de deporte (21 empresas). As empresas vencelladas ao deporte representan o 1,3% das empresas que operan en Galicia.

Non dispomos dunha serie homoxénea para comparar a evolución das empresas do deporte, porén no caso das actividades a tres díxitos existe esta información. Desde o ano 2014 ao 2023 as empresas que operan en Galicia cuxa actividade principal é 931 (Actividades deportivas) pasaron de 1.112 empresas a 1.966. Tamén se incrementaron, aínda que son un número moito máis reducido, as empresas cuxa actividade principal é a fabricación de artigos de deporte (código CNAE 323).

Táboa 14 Empresas vencelladas ao deporte por actividade económica principal. Galicia

Unidade: número de empresas

Anos	931 Actividades deportivas	323 Fabricación de artigos de deporte	4764 Comercio polo miúdo de artigos deportivos	8551 Educación deportiva e recreativa	Total deporte	% sobre total empresas
2014	1.112	8
2015	1.193	10
2016	1.273	11
2017	1.320	11
2018	1.420	16
2019	1.567	17
2020	1.756	17
2021	1.847	18
2022	1.925	22	456	621	3.024	1,2
2023	1.966	21	414	551	2.952	1,3

(..) Non dispoñible

Nota: ata o ano 2022 o Directorio de Empresas e Unidades Locais do IGE non se codificaba exhaustivamente a catro díxitos da CNAE.

Debido á entrada en vigor do Regulamento EBS 2019/2152 os datos correspondentes a 2023 non son comparables cos de exercicios anteriores.

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

5.2 Emprego: afiliacións vencelladas ao deporte

A información contida neste apartado recóllese na actividade estatística “Información socioeconómica sobre o deporte” e provén, en última instancia, das táboas de afiliacións á Seguridade Social facilitadas ao IGE polo *Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones*²⁴.

No ano 2024 as afiliacións vencelladas ao deporte situáronse en 13.079, o que representa o 1,2% das afiliacións totais rexistradas na Comunidade autónoma de Galicia. Na serie 2016-2024, rexistráronse taxas de crecemento superiores no sector do deporte que no total da afiliación, isto é, o emprego no sector do deporte gañou peso no conxunto da economía. A única excepción está no ano 2020, no que as afiliacións descenderon un 7% no sector mentres no total da economía o facían en -1,9%. No último ano, as afiliacións totais incrementáronse un 1,7%, e as vencelladas ao deporte facían nun 5,1%.

²⁴ Na metodoloxía desta actividade estatística pódese consultar o ámbito de investigación, xeográfico e temporal deste bloque:

https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_info_socioeconomica_deporte_gl.pdf

Táboa 15 Afiliacións vencelladas ao deporte e total afiliacións Galicia.


Unidade: afiliacións e porcentaxes

Anos	Deporte	Total Galicia	% afiliados en Deporte sobre total
2016	9.493	953.775	1,0
2017	9.949	973.812	1,0
2018	10.718	997.776	1,1
2019	11.203	1.015.254	1,1
2020	10.423	996.026	1,0
2021	10.878	1.014.385	1,1
2022	11.864	1.036.862	1,1
2023	12.449	1.055.084	1,2
2024	13.079	1.072.903	1,2

Fonte: IGE. Información socioeconómica sobre o deporte. IGE. Afiliacións á Seguridade Social (último día do mes).

Gráfico 12 Taxa de variación anual das afiliacións á Seguridade Social

Unidade: porcentaxes



Fonte: IGE. Información socioeconómica sobre o deporte. IGE. Afiliacións á Seguridade Social (último día do mes).

5.3 Contas das sociedades mercantís do sector do deporte.

A información contida neste apartado recóllese na actividade estatística “Información socioeconómica sobre o deporte” e provén, en última instancia, das contas de resultados presentadas nos Rexistros Mercantís de Galicia.

Antes de analizar os datos, convén contextualizar esta información. Os datos recollidos están condicionados pola obriga a depositar as contas anuais nos rexistros mercantís, obriga que non teñen os autónomos e determinadas sociedades cunha elevada presenza no sector do deporte (como as asociacións e a meirande parte dos clubs)²⁵. Tamén quedan fóra deste apartado aquelas sociedades mercantís que aínda con actividade en Galicia teñen a súa sede noutra Comunidade autónoma.

No ano 2022, o número de sociedades mercantís con contas depositadas en Galicia foi de 487. O total activo destas sociedades aproxímase aos 450 millóns de euros, o gasto de persoal ascendeu a 79 millóns de euros e a facturacións situouse nos 201 millóns de euros.

Táboa 16 Contas das sociedades mercantís do sector do deporte
Unidade: Miles de euros; número de empresas

Anos	Deporte				Porcentaxe sobre o total de sociedades mercantís			
	Total Activo	Número de empresas	Gastos de persoal	Importe neto da cifra de negocios	Total Activo	Número de empresas	Gastos de persoal	Importe neto da cifra de negocios
2010	369.842	353	62.854	159.766	0,3	0,7	0,6	0,2
2011	417.261	223	77.014	150.890	0,5	0,8	1,0	0,3
2012	453.570	344	99.875	213.982	0,4	0,7	1,0	0,3
2013	359.598	350	62.261	151.892	0,4	0,8	0,7	0,3
2014	465.461	382	95.529	217.355	0,5	0,8	1,0	0,3
2015	498.870	428	113.413	244.655	0,4	0,9	1,1	0,3
2016	552.091	408	141.480	311.396	0,5	0,9	1,3	0,4
2017	609.202	500	151.739	325.182	0,5	1,0	1,3	0,4
2018	624.783	467	138.786	271.064	0,5	1,0	1,1	0,3
2019	604.218	495	129.092	267.425	0,4	1,0	1,0	0,3
2020	479.611	514	60.695	157.962	0,3	1,0	0,5	0,2
2021	640.969	492	118.475	230.067	0,4	1,0	0,8	0,2
2022	449.927	487	78.787	200.849	0,3	1,0	0,5	0,2

Fonte: IGE. Información socioeconómica sobre o deporte. IGE. Contas das Sociedades Mercantís.

Con respecto ao total das sociedades mercantís, o número de empresas vencelladas ao deporte representa o 1%, pero só o 0,2% da facturación e o 0,3% do activo. Novamente vemos como a súa achega en termos de remuneración do traballo, medido, neste caso, polos gastos de persoal é superior (0,5%).

²⁵ Segundo a información do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, en España só un terzo das empresas vencelladas ao deporte son sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada. O 38,7% das empresas son persoas físicas e o 27,9% restante outras formas xurídicas.

5.4 Comercio exterior de bens vencellados ao deporte

O comercio de bens deportivos forma parte da información recompilada na actividade estatística "Información socioeconómica sobre o deporte". Os datos deste apartado proveñen dos ficheiros proporcionados pola Agencia Estatal de Administración Tributaria que, á súa vez, fornecen de información á actividade "Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario". Os bens agrúpanse en tres categorías, definidas consonte a nomenclatura combinada (ver Táboa 2): Artigos e equipamento deportivo; Embarcacións de lecer ou deporte; e Roupa e calzado para lecer e deporte.

As exportacións totais de bens deportivos sitúanse no ano 2023 nos 49.361 miles de euros. A "Roupa e calzado para lecer e deporte" é o principal grupo de produtos exportado (19.489 miles de euros) pero tamén é o que presenta unhas importacións máis elevadas (superan os 42.000 miles de euros).

Táboa 17 Comercio de bens vencellados ao deporte. Galicia.
Unidade: Miles de euros


Anos	Artigos e equipamento deportivo		Embarcacións de lecer ou deporte		Roupa e calzado para lecer e deporte		Total bens deportivos	
	Exportacións	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións	Importacións
2010	4.123	9.559	8.738	7.434	6.636	9.818	19.497	26.811
2011	2.603	9.299	37.365	4.379	6.349	12.306	46.317	25.984
2012	2.625	8.355	6.392	2.273	7.159	10.887	16.176	21.515
2013	2.228	7.269	11.483	1.961	9.609	7.228	23.320	16.458
2014	3.499	8.271	4.471	1.218	10.520	10.767	18.490	20.256
2015	2.978	8.326	5.481	2.267	15.747	11.585	24.206	22.178
2016	4.553	10.699	4.762	3.798	21.360	15.791	30.675	30.288
2017	4.814	11.356	3.443	2.302	25.496	18.462	33.753	32.120
2018	5.224	8.547	32.917	2.399	27.982	22.445	66.123	33.391
2019	7.380	11.627	5.200	4.172	17.733	21.950	30.313	37.749
2020	6.988	9.960	5.297	2.812	11.355	15.991	23.640	28.763
2021	10.923	13.332	23.475	2.821	14.066	18.393	48.464	34.546
2022	12.681	17.632	10.707	2.915	21.169	43.135	44.557	63.682
2023	13.983	16.031	15.889	15.485	19.489	42.534	49.361	74.050

Fonte: IGE. Información socioeconómica sobre o deporte. IGE. Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario.

O saldo co exterior de comercio de bens deportivos, habitualmente negativo, está moi influenciado polas exportacións de "Embarcacións de lecer ou deporte". Os anos nos que o dito saldo foi positivo débense a un elevado rexistro de exportacións deste tipo de produtos, xa que nos outros dous grupos de produtos, o saldo co exterior é negativo.

Gráfico 13 Saldo comercial co exterior (exportacións - importacións). Galicia

Unidade: miles de euros



Fonte: IGE. Información socioeconómica sobre o deporte.

Nos dous últimos anos rexistráronse, nos ficheiros de aduanas, importacións moi elevadas de "Roupa e calzado para lecer e deporte". Estes produtos tiveron saldo comercial positivo no ano 2013 e no período 2015-2018. Os "Artigos e equipamento deportivo" teñen saldo deficitario.

5.5 Gasto en consumo final dos fogares vencellados ao deporte

O gasto en consumo final en bens e servizos deportivos está recollidos na actividade estatística "Información socioeconómica sobre o deporte" e tamén no portal estatístico do Ministerio DeporteData. A estatística da que se obteñen estes datos é a "Encuesta de Presupuestos Familiares", responsabilidade do INE²⁶.

Os produtos e servizos vencellados ao deporte defínense a través da agregación de varios ítem da clasificación COICOP (ver Táboa 2), relacionados tanto con equipos para a práctica do deporte como con servizos recreativos e deportivos.

²⁶ No momento da elaboración deste documento non estaba dispoñible a información de 2023 en DEPORTEData, porén, é posible obter os resultados a partir dos microdatos da "Encuesta de Presupuestos Familiares".

No ano 2023 o gasto en consumo final dos fogares vencellado ao deporte alcanzou os 332 millóns de euros o que supón 124 euros por persoa e 297 euros por fogar. O gasto por persoa rexistrado en 2023 case duplica ao de 2011, porén o peso do deporte no conxunto do gasto en consumo final dos galegos sitúase no 0,9% en 2023, tres décimas máis que en 2011.

Táboa 18 Gasto en bens e servizos deportivos. Galicia. Serie 2010-2023

Unidade: Miles de euros, euros e porcentaxe

Anos	Gasto en bens e servizos deportivos			% sobre gasto total dos fogares
	Total (miles de euros)	Por persoa (euros)	Por fogar (euros)	
2010	193.700	70,4	186,6	0,7
2011	175.700	63,9	167,2	0,6
2012	223.200	81,4	210,3	0,8
2013	169.500	62,0	158,3	0,6
2014	182.300	67,1	169,3	0,7
2015	232.300	85,8	214,7	0,8
2016	239.797	89,0	220,5	0,8
2017	274.420	102,2	251,8	0,9
2018	223.321	83,4	204,5	0,8
2019	216.115	80,7	197,3	0,7
2020	172.837	64,6	156,7	0,6
2021	263.527	98,7	237,7	0,8
2022	390.441	146,3	350,0	1,1
2023	332.173	123,9	297,4	0,9

Fonte: IGE. Información socioeconómica sobre o deporte; Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. *Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006 INE*. Extraído de DEPORTEData.

A información difundida en DEPORTEData permite realizar comparativas por Comunidades autónomas. Para obter unha visión estrutural da posición de Galicia no conxunto estatal, calculamos os promedios do gasto por persoa e por fogar para o período 2010-2023. Neste período en Galicia o gasto por persoa en bens e servizos deportivos foi de 87,1 euros por persoa e 217,9 euros por fogar, mentres no conxunto do Estado estes valores foron de 106,6 e 334,7 euros respectivamente.


A Comunidade cun maior gasto por persoa e fogar foi Navarra con 180,2 euros por persoa e 433,2 euros por fogar. Séguenlle, País Vasco, Aragón, Baleares e a Rioxa, todas elas con gastos por persoa superiores a 120 euros. En Canarias, Castilla-La Mancha e Extremadura o gasto medio é inferior ao de Galicia.

Táboa 19 Gasto medio por persoa e fogar en bens e servizos deportivos. Comunidades autónomas. Media 2010-2023

Unidade: euros

Comunidade autónoma	Por persoa	Por fogar
Andalucía	99,9	269,3
Aragón	129,9	297,7
Asturias, Principado de	95,1	224,2
Balears, Illes	125,3	317,9
Canarias	78,1	206,3
Cantabria	98,7	228,4
Castilla y León	96,6	232,5
Castilla-La Mancha	74,5	192,8
Cataluña	114,5	288,2
Comunitat Valenciana	111,5	262,8
Extremadura	74,3	192,0
Galicia	87,1	217,9
Madrid, Comunidad de	116,4	294,4
Murcia, Región de	97,7	291,8
Navarra, Comunidad Foral de	180,2	433,2
País Vasco	141,9	350,7
Rioja, La	121,8	279,3
Total estatal	106,6	334,7

Fonte: IGE. Información socioeconómica sobre o deporte; Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. *Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006 INE*. Extraído de DEPORTData.

Gráfico 14 Gasto medio por persoa en bens e servizos deportivos. Comunidades autónomas. Media 2010-2023


Fonte: IGE. Información socioeconómica sobre o deporte; Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. *Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006 INE*. Extraído de DEPORTData.

6 Conclusións

A Conta Satélite do Deporte é o instrumento estatístico idóneo para medir a importancia cuantitativa do sector nunha economía. En Galicia, o Instituto Galego de Estatística (IGE) elaborou e difundiu a información para os anos 2021 e 2022. A metodoloxía utilizada parte dunha delimitación do sector non regulamentada a escala europea e moi condicionada pola dispoñibilidade e calidade de fontes. Galicia é pioneira na elaboración dunha Conta Satélite do Deporte dentro da programación da estatística oficial e en particular nun sistema de contas económicas integrado.

Esta actividade estatística proporciona información sobre a achega directa do deporte ao PIB de Galicia, porén, para elaborar este documento, construíuse a Matriz Simétrica do Deporte, coa que puidemos valorar a achega indirecta do sector á economía galega.

No ano 2022 o sector do deporte representa o 0,9% do Produto Interior Bruto e o 1,4% en termos de emprego (16.436 postos de traballo). Cando combinamos esta información coa Matriz Simétrica da economía galega vemos que os efectos indirectos representan un 0,4% do PIB, polo que a contribución total do sector á economía ascendería a un 1,3%.

O sector caracterízase por ser intensivo en factor traballo, por ter unha produtividade inferior á da media da economía e un peso das rendas salariais no valor engadido superior. Tamén se caracteriza pola súa orientación á demanda final, é dicir, a maior parte da actividade xerada ten como destino o consumidor final. Isto sitúa ao sector con poucas relacións intersectoriais cara adiante e, dada a súa capacidade para xerar valor con escasos inputs, con pouca capacidade de arrastre sobre outros sectores. Aínda así, o sector ten efectos significativos en ramas da economía galega como as actividades de seguridade, limpeza e servizos a edificios, as axencias de viaxe, os servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría ou as actividades relacionadas co audiovisual.

A falta dunha definición do sector operativa e estándar a nivel europeo dificulta as comparativas con outros espazos económicos. Porén, a efectos comparativos, os estudos máis recentes sitúan a achega do sector na Comunidade Valenciana nun 1,05% (en 2021) en termos directos; no Reino Unido nun 0,89% (en 2021) en termos directos para os produtos característicos do deporte; en Alemaña nun 2,3% (en 2019)

medido desde a perspectiva da demanda. Son tres exemplos de estimación con metodoloxías diferentes, que axudan a contextualizar os resultados de Galicia.

Unha visión máis limitada do sector é a que ofrece a división 93 da CNAE-09: "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". A súa achega ao PIB de Galicia é do 0,5%, que supera ao promedio da Unión Europea. No conxunto do Estado español, no que esta división representa o 0,9% do PIB, Galicia sitúase entre as Comunidades autónomas nas que a facturación do sector é menos relevante tanto no conxunto do sector servizos como dentro do reparto no Estado.

Dentro da información socioeconómica que axuda a caracterizar o sector, resaltamos cinco fontes de información. Os directorios de empresas indican que as empresas do deporte representan o 1,3% das empresas galegas. Se nos restrinximos ás sociedades mercantís que presentan as súas contas en Galicia esta porcentaxe é do 1%, se ben cun peso económico menor en termos de facturación ou volume de activo.

Se falamos de emprego, medido a través das afiliacións, o sector rexistrou crecementos superiores ao do total da economía no período 2016-2024, e o emprego no sector xa representa o 1,2% do total.

O saldo comercial co exterior de bens vencellados ao deporte é deficitario na meirande parte dos anos da serie 2010-2023, excepto no caso das embarcacións de lecer ou deporte.

O gasto en consumo final dos fogares en bens e servizos vencellados ao deporte representan o 0,9% do consumo total dos fogares galegos.

7 Anexos

ANEXO I: Elaboración da matriz simétrica do deporte

A Matriz Simétrica utilizada no capítulo 3 deste documento elabórase combinando a publicación “Matriz Simétrica” contida na operación 3903-01-OE06 Marco input-output coa metodoloxía utilizada para a obtención da Conta Satélite do Deporte en Galicia. A súa elaboración é imprescindible para calcular os indicadores utilizados na análise input-output co obxectivo último de recoller non só o efecto directo do sector do deporte na economía galega, senón tamén, o efecto indirecto a través da súa relación con outros sectores.

Estimación da nova rama homoxénea “Sector deporte”

A matriz simétrica é unha matriz cunha dimensión de 71x71 ramas homoxéneas, elaborada a partir das táboas de orixe e destino (TOD) da economía galega. Mentres as ramas de actividade das TOD son coherentes coas difundidas nas Contas Económicas de Galicia, as ramas homoxéneas constrúense consonte a un conxunto de hipóteses co obxectivo de que cada rama homoxénea reflecta como se produce un tipo de produto característico: cada columna da matriz simétrica expresa a función de produción, é dicir, os consumos intermedios e a remuneración dos factores produtivos precisos para obter a produción desa rama homoxénea.

Para construír a Matriz Simétrica do Deporte, créase unha rama homoxénea (a rama 72) que recollerá a actividade vencellada ao deporte, tal e como se definiu na metodoloxía da Conta Satélite do Deporte.

A creación desta rama homoxénea “Deporte” non altera o total da economía xa que a actividade recollida aquí detráese das ramas orixinais. Dado que a matriz simétrica é unha matriz cadrada, non só se engade unha nova columna á matriz senón tamén unha nova fila.

A rama homoxénea inclúe partes doutras ramas homoxéneas segundo se indica na seguinte táboa:

Táboa 20 Actividades incluídas dentro da rama homoxénea "Deporte"

Rama homoxénea	Literal	Actividade vencellada ao deporte
R13	Industria Téxtil	A fabricación de velas para embarcacións (parte da clase 1392)
R14_15	Confección doutras pezas de roupa de vestir exteriores	Fabricación de roupa e calzado deportivo (parte das clases 1413 e 1520)
R30	Fabricación doutro material de transporte	Construción de embarcacións de lecer e deporte (clase 3012) e fabricación de bicicletas (clase 3092)
R32	Outras industrias manufactureiras	Fabricación de artigos de deporte (3230)
R33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	A reparación de embarcacións de lecer (parte da clase 3315)
R47	Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	Comercialización de roupa e material deportivo en establecementos non especializados (parte da 4711 e 4719) e especializados (clase 4764).
R77	Actividades de alugueiro	O aluguer de artigos de lecer e deportivos (clase 7721)
R85M	Educación de mercado	Educación deportiva e recreativa (clase 8551) e parte da educación deportiva incluída na educación regrada de mercado.
R85NM	Educación de non mercado	Educación deportiva e recreativa (clase 8551) e parte da educación deportiva incluída na educación regrada de non mercado.
R90_92	Actividades artísticas, culturais, de xogos de azar e apostas	Inclúe as apostas deportivas, non definidas por ningunha clase da CNAE
R93	Actividades recreativas e de entretemento	Inclúe o grupo 931 da CNAE "Actividades deportivas".

Visión por columnas

Na visión por columnas é preciso estimar os vectores de consumos intermedios da rama homoxénea "Deporte" que será a suma das subramas que a integran. A estimación realízase aplicando as porcentaxes de reparto utilizada no proceso de construción da "Conta Satélite do Deporte". Non dispoñemos de información máis desagregada para obter vectores das subramas polo que asúmese o suposto de que a estrutura de consumos intermedios da parte deportiva de cada rama homoxénea é igual á da rama.

Nas columnas da Matriz simétrica tamén difúndense o resto de compoñentes da conta de produción, explotación e emprego. Estimaremos a parte deportiva utilizando as porcentaxes estimadas na elaboración da Conta Satélite do Deporte.

A matriz simétrica interior e importada utiliza un esquema similar: asúmese o suposto de que a porcentaxe de consumo intermedio importado da rama do deporte será a combinación das porcentaxes das ramas homoxéneas orixinais con produción de bens e servizos vencellados ao deporte.

Visión por filas

Na visión por filas, e dentro do corpo central da matriz, asumimos que toda a oferta da rama homoxénea "*R93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento*" utilizada como demanda intermedia do resto das ramas é correspondente á parte "deportiva". Polo tanto, desta fila detráese todo o seu contido, para levalo á nova rama homoxénea "Deporte".

Na parte da demanda final utilizamos información auxiliar para segmentar o gasto en consumo final, investimento e exportacións de bens e servizos deportivos. Levaríamos á nova rama homoxénea "Deporte" aquela demanda final en bens e servizos deportivos correspondentes ás ramas homoxéneas incluídas na táboa anterior, como por exemplo: roupa deportiva (da R14_15), bicicletas (da R30), etc.

A información utilizada na parte da demanda final provén fundamentalmente da "Encuesta de Presupuestos Familiares" e das estatísticas de comercio exterior. Para derivar a parte importada e interior utilizaremos as porcentaxes importadas das ramas homoxéneas orixinais.

Proceso de equilibrado de oferta e demanda por rama homoxénea

A creación da nova rama homoxénea e os axustes realizados para a súa construción non garanten o equilibrio oferta-demanda para todas as ramas homoxéneas. Na fase anterior garantimos que os totais da economía se manteñen sen modificacións: cada axuste por columna e fila é dobre e vai en sentido oposto. Porén, é preciso iniciar un proceso de equilibrado da matriz simétrica total, interior e importada.

Este proceso analiza o desequilibrio oferta-demanda rama a rama e axusta fundamentalmente os vectores da demanda final, xa que a oferta (a visión por columnas) considérase máis robusta.

Unha vez finalizada a fase de equilibrado temos tres matrices simétricas con 72 ramas homoxéneas:

- Unha rama na que se agrupa a actividade vencellada ao deporte.
- 11 ramas de actividade con información diferente á Matriz Simétrica difundida, por conter unha parte de actividades vencelladas ao deporte.
- 60 ramas de actividade coa mesma información por columna, excepto pola existencia dunha fila que recolle os consumos intermedios de cada rama en produtos do deporte.

Cálculo da matriz inversa de Leontief e coeficientes derivados

O IGE utiliza un procedemento de cálculo dos coeficientes derivados das matrices simétricas que difunde xunto a estas. Para derivar este conxunto de coeficientes coa nova matriz simétrica do deporte utilizamos o mesmo procedemento de cálculo e obtemos:

- Coeficientes técnicos totais
- Coeficientes técnicos interiores
- Coeficientes da matriz inversa de Leontief total
- Coeficientes da matriz inversa de Leontief interior
- Coeficientes de distribución totais:
- Coeficientes de distribución interiores:
- Coeficientes da matriz inversa de Ghosh total
- Coeficientes da matriz inversa de Ghosh interior
- Coeficientes de traballo directos
- Coeficientes de traballo totais

Con estes coeficientes elabórase a análise incluída no capítulo 3 deste documento.

ANEXO II: Clasificación das ramas homoxéneas. Ano 2021

Código	Nome	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	1,2718	1,5524	Clave
R10B	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	1,6504	2,2866	Clave
R24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1,1762	1,4645	Clave
R25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,4050	1,0874	Clave
R29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	3,3160	4,0944	Clave
R35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,5873	1,2635	Clave
R41_43	Construción	2,8660	3,2651	Clave
R45	Venda e reparación de vehículos de motor	1,1077	1,1208	Clave
R46	Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	2,2399	2,3647	Clave
R47 (*)	Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1,7870	2,4178	Clave
R49	Transporte terrestre e por tubaxe	1,5316	1,1966	Clave
R52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1,7850	1,2908	Clave
R56	Servizos de comidas e bebidas	1,6552	2,4516	Clave
R68	Actividades inmobiliarias	2,8147	3,0052	Clave
R84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1,9335	2,4766	Clave
R85NM (*)	Educación de non mercado	1,1020	1,3794	Clave
R86_88M	Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado	1,2252	1,5336	Clave
R86_88NM	Actividades sanitarias e de servizos sociais de non mercado	1,7464	2,4344	Clave
R10A	Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	0,7477	1,5410	Motor
R10C	Fabricación de produtos lácteos	0,6130	1,6631	Motor
R10E	Outras industrias alimentarias	0,7677	1,0070	Motor
R14_15 (*)	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	0,7120	1,2109	Motor
R16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	0,7340	1,1226	Motor
R10D	Fabricación de produtos para a alimentación animal	1,1335	0,7360	Básico
R19	Coquerías e refino de petróleo	1,0540	0,7870	Básico
R23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,2200	0,8661	Básico
R33 (*)	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,0209	0,7402	Básico
R53	Actividades postais e de correo	1,2572	0,2106	Básico
R62_63	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información	1,0538	0,4228	Básico
R64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1,1377	0,6061	Básico
R66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	1,0123	0,5414	Básico
R69_70	Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultoría e de xestión empresarial	1,2162	0,6021	Básico
R73	Publicidade e estudos de mercado	1,0101	0,2604	Básico
R74_75	Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias	1,4566	0,4433	Básico
R77 (*)	Actividades de alugueiro	1,2165	0,3789	Básico
R78	Actividades relacionadas co emprego	1,3549	0,0491	Básico

Código	Nome	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R80_82	Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	1,4207	0,2261	Básico
R02	Silvicultura e explotación forestal	0,5061	0,6470	Independente
R03A	Pesca	0,5985	0,5693	Independente
R03B	Acuicultura	0,4204	0,3272	Independente
R05_09	Industrias extractivas	0,9970	0,6629	Independente
R11_12	Fabricación de bebidas e industria do tabaco	0,6646	0,9145	Independente
R13 (*)	Industria téxtil	0,7145	0,3002	Independente
R17	Industria do papel	0,3674	0,7195	Independente
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,8332	0,4237	Independente
R20_21	Industria química e fabricación de produtos farmacéuticos	0,7190	0,9990	Independente
R22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	0,9218	0,5907	Independente
R26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,2572	0,4565	Independente
R27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	0,2629	0,5799	Independente
R28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,4754	0,6752	Independente
R30 (*)	Fabricación doutro material de transporte	0,2314	0,6998	Independente
R31	Fabricación de mobles	0,4779	0,8703	Independente
R32 (*)	Outras industrias manufactureiras	0,5010	0,4940	Independente
R36_39M	Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado	0,8540	0,9101	Independente
R37_38NM	Actividades de saneamento e xestión de residuos de non mercado	0,1240	0,8867	Independente
R50_51	Transporte marítimo e por vías navegables interiores; transporte aéreo	0,4302	0,7324	Independente
R55	Servizos de aloxamento	0,4916	0,7435	Independente
R58	Edición	0,9426	0,3771	Independente
R59_60	Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,4410	0,3193	Independente
R61	Telecomunicacións	0,9500	0,9000	Independente
R65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións agás Seguridade Social obrigatoria	0,8689	0,5992	Independente
R71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análise técnica	0,9276	0,5786	Independente
R72	Investigación e desenvolvemento	0,2341	0,7815	Independente
R79	Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas	0,6416	0,4197	Independente
R85M (*)	Educación de mercado	0,6173	0,6144	Independente
R90_92 (*)	Actividades artísticas, culturais, de xogos de azar e apostas	0,4079	0,7915	Independente
R93 (*)	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	0,0319	0,5559	Independente
R94	Actividades asociativas	0,6714	0,4902	Independente
R95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	0,9043	0,4002	Independente
R96	Outros servizos persoais	0,5229	0,7930	Independente
DEPORTE	DEPORTE	0,4433	0,8326	Independente
R97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	0,2074	0,2446	Independente

(*) Non comprende as actividades vencelladas ao deporte.

8 Bibliografía e fontes estatísticas

AHLERT G., REPENNING S., (2024): *The German Sport Satellite Account – methodological basis and results for the period 2010 to 2019*. GWS RESEARCH REPORT 2024 / 06

<https://papers.gws-os.com/gws-researchreport24-6.pdf>

BOSH, J., MURILLO C. E RAYA, J.M (2019). “La importancia económica del sector deportivo y el impacto económico de los eventos deportivos” en Papeles de Economía Española “Deporte y economía”.

COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2007). *Libro blanco sobre el deporte*. Bruselas.

<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52007DC0391&from=EN>

COMISIÓN EUROPEA (2013). «Definition of Sport - Version 2.0 (“Vilnius Definition 2.0”) according to CPA 2008». Bruselas.

https://ec.europa.eu/eurostat/documents/6921402/0/Vilnius+Defini-tion+Sport+CPA2008+official+2013_09_19.pdf/30838d11-01ea-431f-8112-50786e187c1c

DEPARTMENT FOR CULTURE, MEDIA & SPORT (2024) *Sport Satellite Account for the UK 2024: Research into a new measure for estimating the value of sport*. GOV UK.

<https://www.gov.uk/government/publications/sport-satellite-account-for-the-uk-2024-research-into-a-new-measure-for-estimating-the-value-of-sport/sport-satellite-account-for-the-uk-2024-research-into-a-new-measure-for-estimating-the-value-of-sport>

ESCUELA VASCA DEL DEPORTE (2018). *Impacto económico de la industria deportiva en Euskadi*. Vitoria-Gasteiz: Gobierno Vasco.

https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/kirol_eskola_argitalpenak/es_def/adjuntos/Impacto-economico-industria-deportiva-CAV-2018.pdf

EUROSTAT (2013), *Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales de la Unión Europea. SEC 2010. Reglamento UE N°549/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo*

EUROSTAT. *Annual national accounts*, publicación periódica

<https://ec.europa.eu/eurostat/web/main/data/database>

FERNÁNDEZ, M.; FERNÁNDEZ-GRELA, M. (2003), *La estructura productiva de la economía gallega*, CIEF. Centro de Investigación Económica y Financiera. Fundación CaixaGalicia

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Conta Satélite do Deporte. Revisión estatística 2024*, publicación periódica

https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0307007010

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Contas económicas de Galicia. Revisión Estatística 2024*, publicación periódica

https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007001

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Marco input-output de Galicia: ano 2021*, publicación periódica.

https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0307007003

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Información socioeconómica sobre o sector deporte*.

[https://www.ige.gal/web/mostrar_activade_estadistica.jsp?codigo=0206005001](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0206005001)

INE. Instituto Nacional de Estadística, *Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad*, publicación periódica

https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177056&menu=ultiDatos&idp=1254735576581

INSTITUTE OF SPORTS ECONOMICS -SpEA-, coord. (2012): *Study on the Contribution of Sport to Economic Growth and Employment in the EU*. Study commissioned by the European Commission, Directorate-General Education and Culture

JUNTA DE ANDALUCÍA (2018). *Impacto del deporte en Andalucía 2018*. Málaga: Empresa Pública para la gestión del Turismo y del Deporte de Andalucía.

MAUDOS, J. (DIR.), J.C. ROBLEDO, C. ALBERT, E. BENAGES E I. ZAERA (2024). *El valor e impacto económico del deporte en la Comunitat Valenciana*. València: Comunitat de l'Esport (Generalitat Valenciana y Fundación Trinidad Alfonso).

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES (2024). *Anuario de estadísticas deportivas*.

<https://www.educacionfpydeportes.gob.es/dam/jcr:fbf05df0-5e3f-4b57-9d5b-6588d4ad34a9/aed-2024.pdf>

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES. DEPORTEData. Publicación de actualización continua.

<https://www.educacionfpydeportes.gob.es/mc/deportedata/portada.html>

SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, P. (2019): "O deporte galego: algo máis que un sector económico" en Foro económico de Galicia. Anuario 2019.

Relación de táboas incluídas no documento

Táboa 1 Clases da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente na conta satélite como actividades características.....	8
Táboa 2 Definición do deporte segundo cada fonte de información.....	10
Táboa 3 As magnitudes do deporte en Galicia e peso destas na economía galega. Ano 2022 (p).....	12
Táboa 4 Indicadores do sector do deporte. Ano 2022(p).....	17
Táboa 5 Encadeamentos directos e totais	22
Táboa 6 Coeficientes de traballo directos e totais e a súa descomposición.....	23
Táboa 7 Clasificación do deporte	25
Táboa 8. Efectos na economía da extracción do sector do deporte.....	28
Táboa 9. Descomposición do efecto no PIB por rama de actividade e tipo de efecto. Principais ramas afectadas.	29
Táboa 10. Ramas máis afectadas pola extracción da rama do deporte.....	30
Táboa 11 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento. Indicadores derivados. Ano 2022.	37
Táboa 12 Cifra de negocios na división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento" segundo a <i>Estadística Estructural de Empresas</i> . Ano 2022.	39
Táboa 13 Oferta e demanda de servizos característicos do deporte. Ano 2021.....	40
Táboa 14 Empresas vencelladas ao deporte por actividade económica principal. Galicia	43
Táboa 15 Afiliacións vencelladas ao deporte e total afiliacións Galicia.	44
Táboa 16 Contas das sociedades mercantís do sector do deporte.....	45
Táboa 17 Comercio de bens vencellados ao deporte. Galicia.	46
Táboa 18 Gasto en bens e servizos deportivos. Galicia. Serie 2010-2023	48
Táboa 19 Gasto medio por persoa e fogar en bens e servizos deportivos. Comunidades autónomas. Media 2010-2023.....	49
Táboa 20 Actividades incluídas dentro da rama homoxénea "Deporte"	53

Relación de gráficos incluídos no documento

Gráfico 1 Evolución do sector do deporte segundo a Conta Satélite. Serie 2021-2022	12
Gráfico 2. Peso no PIB de Galicia. Seccións da CNAE. Ano 2022 (p).....	13
Gráfico 3 Peso no PIB dos sectores analizados na Actividade de interese estatístico: análise de sectores produtivos. Ano 2022 (p).....	14
Gráfico 4 Composición da produción no sector do deporte e comparativa coa composición do total da economía. Ano 2022(p).....	16
Gráfico 5 Clasificación das ramas homoxéneas do sector servizos.....	26
Gráfico 6 Achega ao PIB da división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Galicia, España e UE-27	34
Gráfico 7 Achega ao PIB da división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Galicia e países da UE-27. Ano 2022.....	35

Gráfico 8 Achega ao emprego da división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Galicia, España e UE-27.....	35
Gráfico 9 Achega ao emprego da división 93 "Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Galicia e países da UE-27. Ano 2022	36
Gráfico 10 Peso no sector servizos das Actividades deportivas, recreativas e de entretemento. Ano 2022.	39
Gráfico 11 Oferta e demanda de "Servizos de actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Ano 2021.....	41
Gráfico 12 Taxa de variación anual das afiliacións á Seguridade Social.....	44
Gráfico 13 Saldo comercial co exterior (exportacións - importacións). Galicia	47
Gráfico 14 Gasto medio por persoa en bens e servizos deportivos. Comunidades autónomas. Media 2010-2023	49

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA

